



PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE VERÍN

DOCUMENTO PARA
APROBACIÓN DEFINITIVA

MEMORIA INFORMATIVA

TOMO II

ESTUDIO DO MEDIO RURAL
ANÁLISE DO MODELO DE
ASENTAMENTO POBOACIONAL



ESTUDIO DO MEDIO RURAL



ÍNDICE

1. ESTUDO MEDIO FÍSICO	4
1.1. ENCADRE COMARCAL.....	4
1.2. SUPERFICIE E POBOACIÓN.....	4
1.3. COMUNICACIÓNS.....	5
1.4. CLIMA.....	6
1.4.1. CARACTERÍSTICAS CLIMÁTICAS.....	6
1.4.2. Conclusións.....	9
1.5. XEOMORFOLOXÍA.....	10
1.5.1. Encadre comarcal	10
1.5.2. Unidades de relevo en Verín	11
1.5.3. Altitudes	11
1.5.4. Pendentes	12
1.5.5. Exposición	14
1.5.6. A insolación.....	16
1.6. A COMPOÑENTE XEOLÓXICA.....	18
1.6.1. A xeoloxia da comarca	18
1.6.2. Litoloxia de verín.....	18
1.7. SOLOS	20
1.7.1. INTRODUCCION.....	20
1.7.2. A capacidade produtiva dos solos.....	21
1.8. A HIDROLOXÍA.....	23
1.8.1. A auga como recurso.....	23
1.8.2. A cunca do Río Támega.....	24
1.8.3. As augas superficiais en Verín	25
1.8.3.1. A calidade da auga do Támega	27
1.8.4. As augas subterráneas.....	28
1.8.5. Os humidais.....	29
1.9. CARACTERÍSTICAS DA VEXETACIÓN.....	30
1.9.1. O contexto bioxeográfico da flora do concello	30
1.9.2. As unidades de vexetación actual.....	31
1.9.2.1. O bosque de ribeira	31
1.9.2.2. As frondosas autóctonas	32




1.9.2.3.	As matogueiras	32
1.9.2.4.	As repoboacións forestais.....	32
1.9.2.5.	O mosaico de cultivos.....	32
1.9.2.6.	A vexetación ornamental	32
1.9.3.	Hábitats	34
1.10.	CARACTERÍSTICAS DA FAUNA.....	35
1.10.1.	Os peixes	35
1.10.2.	Anfibios.....	35
1.10.3.	REPTILES.....	36
1.10.4.	aves	36
1.10.5.	mamíferos	36
1.10.6.	especies que aparecen no catálogo da rede natura do río támega	38
1.11.	A PAISAXE.....	39
1.11.1.	As cuncas visuais	39
2.	OS USOS ACTUAIS E POTENCIAIS DO SOLO.....	43
2.1.	INTRODUCCIÓN	43
2.2.	CLASES DE USOS E COBERTURAS.....	43
2.2.1.	USOS USO AGRÍCOLA E GANDEIRO	45
2.2.2.	Uso forestal	47
2.2.3.	As terras e a súa aptitude para usos agro forestais	49
3.	RISCOS	52
3.1.	RISCOS XEOLÓXICOS.	52
3.1.1.	As inundacións:	52
3.1.2.	OUTROS RISCOS: INCENDIOS FORESTAIS	53
3.1.3.	OUTROS RISCOS A EROSIÓN	53
4.	IDENTIFICACIÓN DOS RECURSOS AMBIENTAIS VALIOSOS DO ENTORNO. AS POTENCIALIDADES DOS ESPAZOS QUE REQUIREN ALGÚN TIPO DE PROTECCIÓN...	55
4.1.	INTRODUCCIÓN	55
4.2.	OS RECURSOS A PRESERVAR	56
4.3.	ESPAZOS NATURAIS PROTEXIDOS.....	57
4.3.1.	A rede Natura 2000.....	57

1. ESTUDO MEDIO FÍSICO

1.1. ENCADRE COMARCAL


O concello de Verín sitúase no sur da provincia de Ourense, na comarca de Verín tamén chamada de Monterrei. Esta comarca limita con Portugal pola súa parte sur, coa comarca de Viana polo leste, polo norte coas comarcas de Terra de Trives e Terra de Caldelas, e polo oeste limita coa comarca da Limia.

Ilustración 1: Verín no seu encadre comarcal, provincial e galego



Esta comarca de Monterrei ou Verín está formada por oito municipios: Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra, Riós, Verín e Vilardevós.

Ilustración 2: Fotografía satélite da comarca



1.2. SUPERFICIE E POBOACIÓN

Verín ten 94.15 km² de extensión (dato do IGE) e unha poboación no Padrón do 2004 de 13.585 habitantes. A comarca ten unha superficie de 1007.1 km² e unha poboación de 28.811 habitantes; polo tanto, Verín aglutina o 47% de toda a poboación comarcal no 9,34% do devandito territorio; así temos



que a densidade media en Verín é de 144.3 habitantes /Km² e a media comarcal é de 28.6 habitantes/km². Verín está constituído por 18 núcleos de poboación distribuídos en 15 parroquias.


TÁBOA 1: Parroquias e lugares de Verín

PARROQUIA	LUGAR
Ábedes (Santa María)	Ábedes
Cabreiroá (San Salvador)	Cabreiroá
Feces de Abaixo (Santa María)	Feces de Abaixo
Feces de Cima (Santa María)	Feces de Cima
Mandín (Santa María)	Mandín
Mourazos (San Martiño)	Mourazos
Pazos (San Fiz)	Pazos
Queirugás (San Bartolomeu)	Queirugás
Queizás (San Pedro)	Queizás
Rasela, A (Santa María)	Rasela, A
Tamagos (Santa María)	Tamagos
Tamaguelos (Santa María)	Tamaguelos
Tintores (Santa Cristina)	Tintores
	Vilela
Verín (Santa María a Maior)	Verín
	Caldeliñas
Vilamaior do Val (Santiago)	Salgueiro, O
	Vilamaior do Val

1.3. COMUNICACIÓNS

A Autovía das Rías Baixas A-6, cruza todo o val; xunto a esta atopamos a estrada Nacional 525 (Zamora Santiago) e a estrada N-532 que comunica con Portugal, xunto coas estradas OU 113 e Ou 114 que comunican Verín con Nocado do Val e Laza, respectivamente. O resto son estradas locais que comunican tódolos núcleos de poboación, así como unha rede de camiños e pistas que completan a rede viaria.

Ilustración 3: Parroquias, núcleos e comunicacións



1.4. CLIMA

1.4.1. CARACTERÍSTICAS CLIMÁTICAS

Para o estudo da climatoloxía do territorio de Verín utilizáronse os datos da estación termopluviométrica de Castelo da Pena, a 740 m de altitude, no bordo oriental do relevo da comarca, ó non atopar datos de

ningunha estación meteorolóxica no val de Verín para caracterizar o clima. Ademais, analizouse información extraída da Rede Galega de Climatoloxía da Consellería de Medio Ambiente, xunto ós datos do Atlas Bioclimático de Galicia e dos anuarios climáticos publicados pola Xunta de Galicia.

En xeral, pódese dicir que a climatoloxía de Verín está condicionada pola configuración do relevo, o que ten unha importancia notable no gradiente térmico (o gradiente térmico para esta zona é de -0.53°C cada 100 metros que ascendemos en altitude) e moi especialmente no pluviométrico (estamos na zona VI cun aumento medio de 78 mm de precipitado cada 100 metros que ascendemos en altitude).

A comarca de Verín, cunha orografía tan contrastada, provoca que tamén o seu clima teña unha ampla variedade e vaia de moi seco e cálido na fosa de Verín, ata húmido fresco nas estribacións das serras de San Mamede. O amplo rango de altitudes que aparece na comarca, variando dende os 1.500 m a menos de 400 m de altitude sobre o nivel do mar aproximadamente, orixinan diferentes situacións climáticas, como se comproba nos seguintes mapas comarcais de temperatura e precipitacións medias anuais; sendo no fondo do val onde se producen as menores precipitacións e as maiores temperaturas.

TÁBOA 2: Datos da estación

ESTACIÓN	Altitude (m)	X UTM	Y UTM
CASTELO DA PENA	740	638217.2514	4641560.9020
Fonte: SIAM. Xunta de Galicia			

TÁBOA 3: Datos climáticos mensuais de precipitación e temperatura medias

CASTELO DA PENA	XAN	FEB	MAR	ABR.	MAI	XUÑO	XUL	AGO	SET	OUT	NOV	DEC	ANUAL
T	4.9	6.6	8.6	8.6	12.7	14.5	19.6	19.1	18.1	13.5	8.8	5.9	11.8
P	123.9	85.8	73.2	77.3	67.4	33.4	14.4	19.5	39.1	86.2	93.8	80.2	794
Fonte: SIAM. Xunta de Galicia													

Ilustración 4: Precipitación anual ponderada (mm)





Ilustración 5: Temperatura anual ponderada (°C)



E nos dous mapas compróbase como o municipio de Verín presenta o menor rango de precipitacións e as máis altas temperaturas medias de toda a comarca.

Verín está nunha zona cun clima máis seco que no resto de Galicia. A precipitación é escasa, precipitando entre 600-800 mm de auga ao ano. O precipitado ten unha estacionalidade pluviométrica moi forte, soamente o 9% (menos de 100 mm) cae no verán como se observa no gráfico seguinte, o cal provoca unha importante seca estival. Por outra banda a temperatura media anual ponderada está no rango de 14 -15°C e a temperatura media dos meses de verán ascende aos 19°C

GRÁFICO 1: Diagrama Ombrotérmico






GRÁFICO 2: Precipitación estacional

PRECIPITACIÓN ESTACIONAL

ESTACIÓN DE CASTELO DA PENA


GRÁFICO 3: Temperatura estacional


1.4.2. CONCLUSIÓNS

En resumo, o relevo, co enfaixamento do val en forma de U, establece unhas condicións climáticas moi marcadas, cunha maior continentalización que as comarcas limítrofes, plasmada nunha ampla amplitude térmica, frecuentes fenómenos de néboas, derivadas das perdas por irradiación nocturna e volumes de precipitación inferiores aos do seu contorno. Así, en Verín preséntanse temperaturas máximas no verán de 35°C e mínimas no inverno de -5°C. O ambiente ombrotérmico por tanto é extremo: moi seco e cálido no verán cunha seca pronunciada en toda a estación, sendo da estacionalidade pluviométrica moi forte, cun risco de xeadas entre 3 e 6 meses, como se comprobo na seguinte táboa de datos climáticos.

TÁBOA 4: Resumo datos climáticos

Parámetro	Valor
Temperatura anual media	14 – 15 °C
T inverno	6 - 8° C
T primavera	12-14 °C
T verán	20 °C
T outono	10 – 12
Amplitude térmica	13.5 - 14.5 °C
Precipitación	600-800mm
Estacionalidade pluviométrica	moi forte
P outono	200-300 mm
P verán	< 100 mm
P primavera	100 -200 mm


P inverno	100 -200 mm
DÉFICIT DE PRECIPITACIÓN POTENCIAL	400 mm
RISCO DE XEADAS	CLASE M: zonas onde o risco de xeadas está comprendido entre os 3 e 6 meses
BALANCE HÍDRICO ANUAL	-100/-50 mm
ETP ANUAL	700 – 750 mm
REXIME OMBROTÉRMICO $TM > 14$ e $P < 800$	MOI SECO E CÁLIDO
Fonte: elaboración propia	

1.5. XEOMORFOLOXÍA

1.5.1. ENCADRE COMARCAL

Estamos ante unha fosa, que podemos dicir que é un territorio fundido que se atopa en maior ou menor medida flanqueada de murallas. Esta fosa chamada Depresión de Verín ou Monterrei é de carácter tectónico e continúa por Chaves (Portugal). Esta fosa é unha planicie aluvial cun importante cúmulo de depósitos cuaternarios flanqueados por serras: os macizos montañosos de San Mamede, a Serra do Fial das Corzas ó norte, a Serra Seca e Penas Libres ó leste e a Serra Larouco, que son as principais elevacións que dominan o entorno, onde nacen tamén a maioría dos tributarios do río Támega. As maiores altitudes na comarca localízanse no norte nos estribos meridionais da Serra de San Mamede e na Serra do Fial das Corzas (en torno ós 1.500 m.). Polo leste pechan a conca do Támega, A Serra Seca e Penas Libres e polo oeste a Serra de Larouco, polo sur soamente sobresaen uns picos illados como o Ferrelo 1327 m, Pena Nofre 1291 m e de menor altitude e nas inmediacións de Verín: Monte Maior 773 m e Monte Ladairo 564 m. A considerábel altitude desta orla montañosa confire ás terras altas un clima frío, con precipitacións en forma de neve nalgúns casos, mentres que no fondo do val aparecen trazos totalmente mediterráneos, con veráns cálidos e menor volume de precipitacións, como foi exposto no capítulo do clima.

Ilustración 6: Altitudes na comarca




1.5.2. UNIDADES DE RELEVO EN VERÍN

No territorio de Verín, inserto no tramo baixo da Fosa ou Depresión de Monterrei, pódense distinguir dúas unidades morfolóxicas: o fondo do val, cuberto de depósitos aluviais de area e arxilas: -sobre os 400 m de altitude e con pendentes chas e suaves-; sobre a que se asenta a maior parte do territorio, e as ladeiras que entran en contacto co val e presentan pendentes fortes e onde temos outeiros, lombos e montoutos como Outeiro da Cruz 469 m, Alto do Circo 621 m, Outeiro do Veado, Lombo de Santa Marta, do Coto, e ladeiras e cumes por riba dos 700 metros como o Monte Maior 774m, A Cabeciña 744 m, os cales entran en contacto inmediato coas serras do rebordo, con cumios sobre os 1.000 metros.

1.5.3. ALTITUDES

O territorio de Verín presenta unha variación altitudinal que vai dende o rango dos 340 metros ata os 947 m no extremo>NNL.

Ilustración 7: Rangos de altitude cada 25 m






1.5.4. PENDENTES

Os rangos de pendente exprésanse en %, correspondendo ó rango chan ou moi suave: as zonas con pendentes inferiores a 2%, as pendentes suaves son as comprendidas entre 2 -5 %, as moderadas ás de 5- 10%, as pronunciadas ás de 10 - 15%, as fortes de 15 -25%, as moi fortes ás de 25 - 45 % e as pendentes escarpadas ou abruptas, as maiores de 45%.

En Verín temos o 60% do territorio con pendentes menores de 15%. Estas pendentes non teñen apenas limitacións para os cultivos agrícolas.

Gráfico 4: Rangos de pendentes



TÁBOA 5: Rangos de pendentes en porcentaxe

PENDENTE (%)	DESCRIPCIÓN	% DE SUPERFICIE MUNICIPAL
< 2	Chan	22.57
2 -5	Moi suaves	12.77
5 -10	Moderada	13.97
10 -15	Pronunciadas	10.07
15 -25	Forte	15.57
25-45	Moi Forte	21.41
> 45	Escarpada ou Abrupta	3.65
Fonte: Elaboración propia		

Ilustración 8: Clases de pendente





Ilustración 9: Rangos de pendientes en moderadas (<10%), pronunciadas (10 -30%), fortes(30-45% e escarpadas(>45%)




1.5.5. EXPOSICIÓN

A exposición predominante é ó oeste, seguido do suroeste e ó noroeste. Tamén no fondo do val, as orientacións a tódolos ventos representan máis do 10% do total das orientacións.



Gráfico 5



Agrupando os rangos de orientacións, temos, como se observa no gráfico 7, que máis do 50% do territorio ten orientacións E/O ou SE/SO, e por outra banda, soamente o 5% do territorio ten orientación norte, sendo a porcentaxe máis cativa de tódalas orientacións.

Gráfico 6





Ilustración 10: Mapa de orientacións



1.5.6. A INSOLACIÓN

A insolación podémola caracterizar segundo a orientación e o intervalo de pendente, de acordo ós rangos expresados na seguinte táboa:

TÁBOA 6: Rangos de insolación segundo orientacións e intervalos de pendentes

PENDENTE %	N	NW/NE	E/w	SW/SE	S	TV
0-5	A	A	A	A	A	A
6-10	A	A	A	A	A	A
11-15	M	A	A	A	A	A
15-25	M	M	A	A	MA	A
26-45	B	M	A	MA	MA	A
>45	B	B	A	MA	MA	A

Fonte: elaboración propia B=Baixo; M= Medio; A= Alta; MB= Moi Alta

Gráfico 7: Porcentaxes de territorio segundo a insolación





Ilustración 11: RANGOS DE INSOLACIONES




1.6. A COMPOÑENTE XEOLÓXICA

1.6.1. A XEOLOXIA DA COMARCA

Xeoloxicamente a zona corresponde ó macizo Hespérico, situado dentro da zona de Galicia Media Tras os Montes. As formas do relevo pasan de abruptas a suaves, segundo avanzamos de norte a sur e están representadas por materiais que van dende o Ordovícico ó Cuaternario. Dende o punto de vista tectónico a comarca caracterízase pola depresión de Verín e o Sinclinal de Verín situado, este último, na prolongación do macizo de Braganza ó sur da comarca. As principais litoloxías da comarca son granitoides alcalinos na metade oeste e ó sueste, xistos e metavulcanitas do noroeste ó leste e lousas e cuarcitas ó norte, así como o fondo do val recuberto de depósitos detríticos.

Ilustración 12: xeoloxía da comarca




1.6.2. LITOLOXIA DE VERÍN

Os materiais predominantes no concello de Verín, son principalmente os materiais metamórficos, con aproximadamente o 43% da superficie, ocupando o rebordo montañoso xunto a rochas ígneas (23%), sendo o resto, materiais cuaternarios (o 34% do territorio), que se estenden polo fondo do val de norte a

sur, acadando a súa máxima amplitude ao sur da cidade de Verín, onde temos materiais aluviais, materias de chaira de inundación e materiais coluviais .


GRÁFICO 8: Porcentaxe territorial de materiais xeolóxicos



As rochas metamórficas son fundamentalmente xistos e metavulcanitas e lousas e cuarcitas. Mentres que as rochas ígneas son granitoides alcalinos: granitos de dúas micas.

O fondo do val está percorrido por grandes fallas; a máis importante de>NNL/SSO, coñecida co nome de Creba da Corga, testemuña das augas mineiro medicinais de Sousas, Fontenova, Cabreiroá, Caldeliñas....

Ilustración 13: LITOLOXIA



1.7. SOLOS

1.7.1. INTRODUCCION

O solo defínese como a capa superficial da cortiza terrestre. Está composto de partículas minerais, materia orgánica, auga, aire e organismos vivos. O solo é a interfaz entre a terra, o aire e a auga; é un recurso non renovable que desempeña moitas funcións vitais para a vida: produción de alimentos e biomasa, almacenamento, filtración e transformación de moitas sustancias, incluíndo auga, carbono e nitróxeno. O solo ten un papel de hábitat e reserva xenética, serve de base para as actividades

humanas, a paisaxe e o patrimonio e funciona como proveedor de materias primas. Por todo elo, merece a pena protexer estas funcións, pola súa importancia, tanto socioeconómica como ambiental.

Debido á non existencia, na actualidade, do mapa de solo de Galicia a escala 1:50.000, elaborados polo SIAM para o concello da análise, soamente describiremos a grandes trazos os principais tipos de solos deste territorio. Así, teríamos Entisoles que son solos pouco evolucionados, onde as súas propiedades están moi determinadas polo material orixinal. O seu perfil é AC, e localízanse sobre depósitos recentes, naturais ou antrópicos. É inceptisols: que son solos incipientes con baixa ou media evolución. O seu perfil tipo é ABC.

TÁBOA 7: Principais solos de Verín

ORDEN	SUBORDEN	GRUPO	ASOCIACION
Inceptisol	Ochrept	Xerochrept	Xerorthent+Xerumbrept
Entisol	Orthent	Xerorthent+Xerumbrept	Xerochrept


1.7.2. A CAPACIDADE PRODUTIVA DOS SOLOS

O solo é un recurso escaso e non renovable, polo que determinar a capacidade produtiva do mesmo é fundamental para manter o recurso solo.

Para a determinación da capacidade produtiva dos solos, en Verín, seguimos a caracterización da capacidade produtiva dos solos de Galicia a escala 1:200.000 de F. Díaz Fierros Viqueira e F. Gil Sotres, onde se relaciona e comparan as calidades de terras, segundo os diferentes tipos de utilización. Para o cal se lle asigna un nivel de aptitude aos diferentes usos e coberturas do territorio, e por outra banda, clasifícase a pendente e a tipoloxía xeolóxica e a permeabilidade de ditos solos.

No gráfico seguinte, indícase para Verín a porcentaxe que ocupa cada tipo de solo, segundo esta clasificación de Díaz Fierros, nestes datos, cómpre lembrar, non se tiveron en conta as edificacións existentes, nin os núcleos de poboación, as infraestruturas, os viais, canteiras...

GRÁFICO 9



A descrición destas terras amósase na seguinte táboa:




TÁBOA 8

Clases	Descrición
A	Asociada a cubeta sedimentaria condicionadas polo réxime de xeadas, tipo M no val de Verín; así como pola posibilidade de presenza de hidromorfías fortes, sobre toda cando o sedimento sobre o que descansa é de tipo arxiloso; ademais da existencia dun déficit de precipitacións acusados no verán. En total temos aproximadamente 3.500 hectáreas potenciais de clase A o que representa o 38% de todo o territorio.
B	Ocupan unha extensión aproximada de 742 hectáreas (8%). Comprende solos situados sobre pendentes de 2 a 10% e aparecen como orla dos terreos da clase A, constituíndo a transición entre as ladeiras e a depresión, xeralmente estas terras están cultivadas de forma intensiva, aínda que tamén están a prados, ou baldíos ou incluso a bosque.
C	Ocupan o 15%, son terras que a actividade humana foi modificando as condicións das pendentes; neste caso comprende as superficies en bancais sobre pendentes entre o 10 - 20%. Atópanse estes terreos normalmente dedicadas a vide, cultivos anuais ou pastos.
E	Son terras con pendentes, pronunciados a fortes e de pouco espesor, a utilización actual é forestal.
F	Son terras con pendentes fortes ou con afloramentos Os terreos desta clase ocupan a zona montañosa, tanto sobre cuarcitas e areniscas, como sobre xistos. Ocupan o 11% do territorio.
G	Son terreos escasamente produtivos debidos ó escaso espesor do solo ou á abundancia de rocha exposta ademais de pendentes escarpadas. Ocupan o 15%.

O conxunto das terras das clases A B e C constitúen, sen dubida, as terras máis adecuadas para o cultivo, e por tanto son os grupos fundamentais que debe constituír o soporte básico sobre o que se apoie a agricultura.

Ilustración 14: Capacidade Produtiva segundo Díaz Fierros



1.8. A HIDROLOXÍA

1.8.1. A AUGA COMO RECURSO

A auga é un recurso natural escaso, indispensable para a vida e para o exercicio da maioría das actividades económicas; é irremplazable, irregular na súa forma de presentarse no tempo e no espazo, facilmente vulnerable e susceptible de usos sucesivos. A auga doce ten unha enorme importancia dentro do conxunto dos recursos naturais, sendo os cursos fluviais un dos principais elementos clave na biodiversidade dun territorio, e máis neste concello, onde a auga, tanto a da superficie como a subterránea, ten gran importancia, tanto como patrimonio natural, como cultural, etnográfico, turístico e económico.

Por tanto, a auga é un recurso que debe estar dispoñible, non só na cantidade necesaria, senón tamén na calidade precisa. Esta dispoñibilidade debe lograrse sen degradar o medio ambiente, en xeral e o recurso en particular.


1.8.2. A CUNCA DO RÍO TÁMEGA

O río Támega é un afluente da marxe dereita do río Douro, con dirección norte-sur; o val correspóndese cunha fosa tectónica, atravesada por unha falla ou "Creba da Corga", pola que afloran diversos mananciais de augas mineiro medicinais (Sousas, Cabreiroá, Fontenova, etc.). Trátase dunha cunca, como xa se dixo no apartado de relevo e xeoloxía, formada por unha depresión de carácter tectónico. O seus límites van dende as súas nacentes en Talariño (985 m) onde fan lindes coa cunca do Limia por Penalba, os Altos de Estivas e a Serra de Larouco, ata Portugal onde seguen a Raia Seca, ata Feces. Pola vertente esquerda, Pena Nofre 1291 m é a divisoria de augas entre o Támega e a cunca do Sil.

O Támega é un río internacional que nace a 900 m. en terras de Tamicelas, baixando encaixado, salvando ata a súa unión co río Barxa unha pendente do 8.5%; por Castro e Laza abre o seu val, recibindo o río Carraxo e formando unha ampla veiga, axudado polo río Correchouso que se lle une pola esquerda. Vólvese a encaixar un pouco nun treito por Nocado do Val, ata se abrir na chaira de Verín e Monterrei e sen case fender a canle adaptada á chaira desta zona. Pasado o núcleo de Verín, recibe pola dereita o río Bubal ou Vilaza, río que drena unha extensa zona da Serra de Larouco, axudado polo río Alvarellos. Pola esquerda, os principais ríos, no territorio, son o Abedes ou do Fachedo que rega Sousas e Cabreiroá, e o río Pequeno que drena a serra de Penas Libres e se une ó Támega nos confíns de Portugal.

O sistema do río Támega constitúe un marco bioxeográfico que permite poñer en relación diferentes hábitats que atravesan o río e os seus tributarios, creando un gran corredor ecolóxico de todo o val e das serras que o circundan.

Mapa 1: Mapa das principais cuncas de Galicia




A cunca do Támega pertence á súa vez á cunca do río Doiro, que é a cunca máis grande da Península Ibérica; sendo 7 as comunidades autónomas que verten augas a esta cunca, ademais de Portugal. Conta cunha superficie de 97.290 km², dos que 78.952 km² corresponden a territorio español e 18.338 km² a territorio portugués.

TÁBOA 9: Características xerais da cunca do Támega

RÍO	LONGITUDE(Km)	NACEMENTO	CUNCA(Km2)	DESEMBOCA	AFLUENTE
TAMEGA	49	Albergueria	452	No río Doiro, en Portugal	Bubal. (md)

FONTE: Confederación hidrolóxica do Douro

Ilustración 15: Principais subcuncas



1.8.3. AS AUGAS SUPERFICIAIS EN VERÍN

O Támega chega ó municipio de Verín tras recoller unha gran cantidade de auga das serras, polo que, o caudal que leva en épocas de chuvia provoca, dende sempre, graves problemas de inundacións, tanto



no propio río Támega como nos seus afluentes. Motivo polo que se levou a cabo, no últimos anos, a canalización e acondicionamento ambiental do río ao seu paso polo núcleo urbano de Verín.


O sistema do Támega, en Verín, está formando polo río Támega e polos seus afluentes, por ámbalas marxes, sendo varios os tributarios regueiros descontinuos que soamente levan auga na época de chuvias.

TÁBOA 10: Ríos e regatos ó seu paso por Verín

MARXE DEREITA	MARXE ESQUERDA
Varios canles de rego e muíños	Regueiro de Gondulfes
Río Bupal ou Vilaza é o principal afluente do Támega	Regueiro de marbán Regueiro Novo de Queirugas Fonte do sapo
Regueiro do Portón (Oímbra)	Río Abedes: Regueiro das Budeiras Regato das Quintas Regato do Caldeirón
Regueiro da Lagoa	Regueiro de Bolsadoiro Rego das Lagas Regueiro da Lobedeira
Regueiro de Aberta Nova	Regueiro de viñas Río seco Barranco do Mourrán
Regueiro da Vella (Rabal)	barranco da batoca
Canles de muíños	Regueiro de Sandín Regato Xieira
	Regato de Pena Cadera Regueiro do Atallo
	Regato de Videiras (Mandín)
	Rego de Feces de Abaixo (área recreativa)
	Río Pequeno de Feces: Regueiro do Circo

O sistema hídrico do río Támega está formado por ríos, regatos, zonas húmidas, charcas, praias fluviais, áreas recreativas, bosques de ribeira, patrimonio etnográfico, etc. O seu bosque de ribeira posúe diferentes graos de conservación; dende zonas moi ben conservadas a traveso de frondosos bosques riparios; ata ribeiras cunha soa liña arbórea, xunto a prados e mosaico de cultivos, ou zonas en mal estado de conservación, sobre todo nas zonas de extracción de áridos. Este sistema actúa como corredor natural que permite a conexión de diferentes espazos e do val coa serra. Ademais, o Támega está incluído na Rede Natura 2000.

Ilustración 16: Mapa hidrológico



1.8.3.1. A calidade da auga do Tamega

Segundo os datos extraídos da rede ICA da Confederación Hidrográfica do Douro para o Tamega, nos datos do ano 2004, podemos obter as seguintes conclusións:

En relación ao abastecemento é bo e, por tanto, cúmprense os obxectivos do ICA fixados, e os fixados polo Plan Hidrológico de Cuenca, presentando a estación de Verín unha calidade superior ó obxectivo marcado.

Respecto ós tramos piscícolas, cúmprese o obxectivo: A2S: Obxectivo de calidade prepotable A1, obxectivo de calidade piscícola Salmonícola



En canto á calidade ambiental o **ICX** o índice de calidade xeral é intermedio (rango de 70 -80), baixando con respecto ao ano anterior 2003 no que a calidade xeral foi boa, se ben o dato cuantitativo foi de 79.27 que está ás portas do seguinte rango, que sería xa de calidade boa (80-90).

TÁBOA 11: Rede ICA

COD	Obxectivo ICA		Obxectivo. P. H.			ESTACIÓN	
A49	A2S		A2S			VERÍN	
148	A2S		A2S			O RABAL VERÍN	
CALIDADE PREPOTABLE	OBX ICA		A1	A2	A3	APTITUDE	EVOLUCION
A49	A2		100	100	100	+	+
CALIDADE AMBIENTAL	ICX	FÍSICOS	ORG		INOR	TOXICOS	CALIDADE
148	79.27	24.12	42.80		19.22	0	intermedio

Fonte: Páxina Web da Confederación Hidrolóxica da Cunca do Douro

TÁBOA 12: A auga fluvial para o seu uso como abastecemento de auga para o consumo humano

Categorías SEGUNDO DIRECTIVA 75/440/CEE	
A1:	CALIDADE MOI BOA: TRATAMENTO FÍSICO SIMPLE E DESINFECCIÓN
A2:	CALIDADE BOA: TRATAMENTO FÍSICO NORMAL, TRATAMENTO QUÍMICO E DESINFECCIÓN
A3:	TRATAMENTO FÍSICO E QUÍMICO INTENSIVO, AFINO E DESINFECCIÓN

1.8.4. AS AUGAS SUBTERRÁNEAS

Verín ten nas augas de consumo humano un importante recurso, tanto para a industria de augas de bebidas envasadas de augas minerais naturais, como para a recuperación dos balnearios e do turismo termal, que tanto pulo tivo nas primeiras décadas do século 20. Actualmente, na área conta cun patrimonio hidrotermal expresado na seguinte táboa:

TÁBOA 13: Os balnearios e as augas minerais

Augas mineiro medicinais	Balneario	Xardíns	Fonte	Planta embotelladora
Sousas	En 1859 construírase o balneario residencia		Kiosko	Si
Cabreiroá	Gran edificio construído en 1906, hoxe sen uso	si	Kiosko	si
Fontenova	Balneario sen actividade, so a fábrica		Dentro da planta	si
Requeixo ou Vilaza*	Edificio ruína Minicentral eléctrica	si		non
Caldeliñas	Ruína en fase rehabilitación		si	non
Fonte do Sapo	A auga brota nunha pedra en medio dun prado e unha pequena área recreativa Fonte do Sapo Nova			

* Balneario pertencente a xurisdición de Monterrei

En canto ás captacións de auga, en Verín, o mesmo que no resto de Galicia, non existe unha estatística de captacións e explotacións de augas subterráneas para poder establecer cales son os seus usos reais, os seus tipos, características, calidade e deficiencias.




1.8.5. OS HUMIDAI

Segundo o Catálogo de Humidais de Galicia (IHG. Xunta de Galicia) os humidais do Támega forman un Complexo Aluvial que ten catorce espazos catalogados, dos cales 11 pertencen ó termo municipal de Verín. Todos estes humidais están formando parte do espazo protexido, integrante na Rede Natura 2000 Río Támega.

Táboa 14: Humidais do Complexo aluvial do Támega

CÓD	NOME	Conc.	IHG	G4
1130157	Río Támega – 1	Verín	2.1.1.	Sistema de illas terríxenas con inundación estacional e cubertas por bosques aluviais
1130158	Río Támega – 2	Verín	2.1.1.	Sistema de illas terríxenas con inundación estacional e cubertas por bosques aluviais
1130159	Río Támega – 3	Verín	2.2.4.	Lagoas o charcas temporais (máis de 2 meses sen auga)
1130160	Río Támega – 4	Verín	2.1.1.	Sistema de illas terríxenas con inundación estacional e cubertas por bosques aluviais
1130161	Río Támega - 5	Verín	2.1.1.	Sistema de illas terríxenas con inundación estacional e cubertas por bosques aluviais
1130180	O Torrón	Verín	2.1.1.	Sistema de illas terríxenas con inundación estacional e cubertas por bosques aluviais
1130181	A Devesa - 2	Verín	4.7.1.	Escavacións abandonadas; canleiras de area e xabre, piletas de residuos mineiros abandonadas.
1130182	Tramo Porto de Anta - A Aceña	Verín	2.1.1.	Sistema de illas terríxenas con inundación estacional e cubertas por bosques aluviais
1130183	Campo do Río	Verín	2.1.3.	Meandros desconectados temporalmente e sistema de lagoas e charcos temporais asociados
1130184	O Bagoeiro	Castrelo do Val	2.1.3.	Meandros desconectados temporalmente e sistema de lagoas e charcos temporais asociados
1130185	Vilela	Monterrei	2.1.3.	Meandros desconectados temporalmente e sistema de lagoas e charcos temporais asociados
1130186	A Fonte de Quiriquiña	Verín	2.1.1.	Sistema de illas terríxenas con inundación estacional e cubertas por bosques aluviais
1130187	O Campo	Verín	2.1.1.	Sistema de illas terríxenas con inundación estacional e cubertas por bosques aluviais
1130188	Lagoeiros	Oimbra	2.1.3.	Meandros desconectados temporalmente e sistema de lagoas e charcos temporais asociados

Ilustración 17: Complexo de humidais do río Támega



1.9. CARACTERÍSTICAS DA VEXETACIÓN

1.9.1. O CONTEXTO BIOXEOGRÁFICO DA FLORA DO CONCELLO

O termo municipal de Verín, dende o punto de vista corolóxico, atópase localizado na Rexión Mediterránea, subrexión Mediterránea Occidental, Superprovincia Mediterráneo-Iberoatlántica Provincia Carpetano Ibérico Leonesa Sector Ourensana Sanabriense, e subsector Maragato Sanabriense. Cómpre sinalar que pola súa proximidade á rexión Eurosiberiana aparecen tamén moitos representantes

florísticos da mesma, e incluso a carballeira presente na comarca é a carballeira galaico portuguesa con *Quercus rubur* e *Quercus pirenaica*.

Ilustración 18





Ilustración 19



Os bosques corolóxicos, e por tanto autóctonos, neste territorio son, por unha banda os bosques ribeireños ou ripisilvas e por outra os bosques caducifolios de cerquiños (*Quercus pyrenaica*) atópanse ou ben acompañados de carballos (*Quercus robur*) ou tamén Enciñas (*Quercus rutundifolia*), así como algúns castiñeiros (*Castaena sativa*). E nas zonas altas aparece arborado que leva asociado breixos do tipo *Erica aragonensis*, tipicamente mediterráneo, no sotobosque.

1.9.2. AS UNIDADES DE VEXETACIÓN ACTUAL

As unidades de vexetación natural, son unha peza fundamental da riqueza biolóxica dun territorio, e polo tanto contribúen á biodiversidade.

1.9.2.1. O bosque de ribeira

O bosque de ribeira aparece nas marxes do Támega e dos seus tributarios. A árbore máis característica desta unidade é o amieiro (*Alnus glutinosa*), acompañado de salgueiros (*Salix salvifolia subsp.*



australis), freixos (*Fraxinus excelsior*), bidueiros (*Betula alba*), carballos (*Quercus robur*). Estes bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* é un hábitat prioritario de interese comunitario (91EO*) (Dir 92/43/CEE).

Hai que destacar tamén, que na maioría do percorrido dos terreos anexos ós ríos, utilizáronse ou utilízanse como prados ou terreos de cultivo, polo que a orla de vexetación de ribeira se reduce, en ocasións, a unha ringleira de pes arbóreos que discorre paralelo ó río. Este efecto acentúase nas proximidades do núcleo de Verín, debido á masiva urbanización das marxes do río e aos camiños paralelos para acceder ás fincas. Xa, no núcleo urbano de Verín, o río vai canalizado, creando nas súas marxes, unha praia fluvial e unha área de recreo e paseo.

1.9.2.2. As frondosas autóctonas

Os bosques autóctonos de carballos e rebolos, foron substituídos en gran medida por repoboacións forestais; se ben, aparecen importantes mostras de frondosas autóctonas fundamentalmente cerquiños e carballos, pero tamén castiñeiros e carrascas, sobre todo nas ladeiras e nos vales máis pechados e no mato arborado, ou como sotobosque nas repoboacións forestais de piñeiros.

1.9.2.3. As matogueiras

Os matos, en xeral, non teñen un carácter climático, senón que teñen a súa orixe na degradación do bosque; no caso das urceiras soe tratarse dun mato de substitución do bosque caducifolio sobre solos pobres en nutrientes. Os matos presentan arborado autóctono de cerquiños, carballos e castiñeiros. E tamén nas parcelas que permanecen incultas presentan matos máis ou menos densos, este mato xeralmente é máis rico en uces e pobre en toxos.

1.9.2.4. As repoboacións forestais

Os bosques ou masas de repoboación máis importantes son os piñeirais.

1.9.2.5. O mosaico de cultivos


Nalgunhas zonas nos arredores do bosque riparios dáse un mosaico de parcelas arboradas, arbustivas, abandonadas e cultivadas, formando unha paisaxe agrícola de cultivo en mosaico tradicional; onde os límites das parcelas, constituídos por árbores cos seus respectivos arbustos, as chamadas touzas de alto valor natural e paisaxístico.

1.9.2.6. A vexetación ornamental

Ademais destas unidades de vexetación, no territorio, aparecen unha serie de espazos públicos ou privados con vexetación ornamental e/ou exemplares arbóreos singulares ou monumentais, tanto no medio natural, como en parques e xardíns públicos e privados que, dalgunha maneira deberan ser protexidos.

Táboa 15 Criterios posibles para a declaración de árbores singulares e monumentais

Criterios	
Biométricos	Altura, idade, diámetro ou perímetro
Biolóxicos ou ecolóxicos	Rareza, relipto frecuencia, límite distribución...
Estéticos	Beleza, porte (configuración)
Históricos ou culturais	Vinculación a feitos históricos, ao folclore, obxecto de representación plástica, literarias...
Ubicación	Paisaxe, asociación a un BIC, integración en espazo natural, afectación por un perigo grave
FONTE: Árbores monumentais do patrimonio cultural de Galicia . RODRIGUES DACAL,C. ISCO,J.	

Ilustración 20: Unidades de vexetación



1.9.3. HÁBITATS

Segundo a cartografía existente de Hábitats (hábitats incluídos no seu anexo I -tipos de hábitats naturais de interese comunitario e tipos de hábitats naturais prioritario da Directiva Hábitats-) elaborada polo Ministerio de Medio Ambiente a escala 1:50.000, os hábitats catalogados para o concello de Verín, como se observa no mapa e táboa seguintes, son:

Táboa 16

CODIGO	DENOMINACIÓN
91E0	BOSQUES ALUVIAIS RESIDUAIS (ALNION GLUTINOSO-INCANAE)
4030*	URCEIRAS SECAS (TÓDOLOS SUBTIPOS)
4090	UCEIRAS OROMEDITERRÁNEOS ENDÉMICOS CON TOXO
9230	CARBALLEIRAS GALAICO-PORTUGUESAS CON QUERCUS ROBUR E QUERCUS PYRENAICA

Ilustración 21: mapa de Hábitats segundo Directiva Hábitats(Fonte MMA: Mapa habitats provinciais escala 1:50.000)



HABITATS

- 4030, +Calluno vulgaris-Genistetum occidentalis+ Rivas-Martínez & G. Navarro 1989
- 4030, +Genistello tridentatae-Ericetum aragonensis+ Rothmaler 1954 em. Rivas-Martínez 1979
- 4090, +Lavandulo sampaioanae-Cytisetum multiflori+ Br.-Bl., P. Silva & Rozeira 1964
- 4090, +Ulici europaei-Cytisetum striati+ Rivas-Martínez ined.
- 91E0, +Scrophulario scorodoniae-Alnetum glutinosae+ Br.-Bl., P. Silva & Rozeira 1956 nom. inv.
- 9230, +Holco mollis-Quercetum pyrenaicae+ Br.-Bl., P. Silva & Rozeira 1956



1.10. CARACTERÍSTICAS DA FAUNA

A comarca do Verín presenta unha gran riqueza de especies animais. Se ben, o estudo da fauna de Verín abórdase desde a case absoluta ausencia de traballos científicos e informes desta natureza, desenvolvidos na área de estudo. A información bibliográfica dispoñible encóntrase espallada en traballos de ámbito xeográfico máis amplo. Neste sentido, temos o Atlas faunístico de Vertebrados, provisional, que está dispoñible en cadro UTM de 10 *10 Km.

1.10.1. OS PEIXES

Os peixes e ciclóstomos, que habitan nas augas continentais, representan un grupo, o que se recoñece, cada vez con maior relevancia, como indicadores da calidade das zonas húmidas.

TÁBOA 17: Peixes e ciclóstomos

ESPECIE	NOME	INVENTARIO
Barbus bocagei	BARBO COMUN	2
Chondrostoma duriense	BOGA DEL DUERO	2
Salmo trutta fario	TROITA	1
Leuciscus carolitertii	BOGA	1
Chondrostoma polylepis	BOGA DE RIO	1
Anguilla anguilla	ANGUÍA	1

1: Atlas provisional de peixes de Galicia

2: Atlas de los peces continentais españois

1.10.2. ANFIBIOS

O número de especies de anfibios, recollidos na bibliografía, é de 12, sendo 14 as especies catalogados en Galicia.

TÁBOA 18: Anfibios

ANFIBIOS	C.NACIONAL	RD Hábitat	LR1992	LR2002
Chioglossa lusitanica	IE	II,IV	VUA2c	VUA2c
Discoglossus galganei	IE		NA	LC
Hyla arborea	IE	IV	NT	NT
Pelobates cultripes	IE		NA	LC
Triturus boscai	IE		NA	LC
Triturus marmoratus	IE	IV	NA	LC
Salamandra salamandra	IE		NA	VU
Alytes obstetricans	IE		NA	LC
Bufo bufo	IE			
Bufo calamita	IE	IV	NA	LC
Rana iberica	IE		NA	LC
Rana perezi	IE		NA	LC



1.10.3. REPTILES

Son 16 as especies de réptiles descritas nos cadros que forman Verín.

TÁBOA 19: reptiles

REPTILES	C.NACIONAL	RD Hábitat	BERNA	LR1992	LR2002
Anguis fragilis	IE	IV	III	NA	LC
Chalcides striatus (C.chalcides)	IE	IV	III	NA	LC
Lacerta schreiberi	IE	II, IV	II	NT	NT
Lacerta lepida			III	NA	LC
Podarcis bocagei			III	NA	LC
Podarcis hispanica	IE		III	NA	LC
Psammodromus algirus	IE		III	NA	LC
Psammodromus hispanicus	IE		III	NA	LC
Blanus cinereus	IE		III		
Coronella austriaca	IE	IV	II	NA	LC
Coronella girondica	IE		III	NA	LC
Elaphe scalaris	IE		III	NA	LC
Malpolon monspessulanus			III	NA	LC
Natrix natrix	IE		III	NA	LC
Natrix maura	IE		III	NA	LC
Vipera seoanei			III	NA	LC

C.nacional: catálogo nacional de especies amenazadas: Categoría IE: de interese especial

Situación legal: R.D. Hábitats directiva hábitats: anexos:II e IV

Convenio de Berna:Anexos II e III

UICN: na non catalogada, NT case amenazada, VUa2c: vulnerable

Libro roxo nacional LC :preocupación menor, NT case amenazada, vua2c: vulnerable

En total, temos unha moi alta biodiversidade, estando no rango de 25 -30 especies de anfibios e réptiles por cada cadro de 10 *10 km. Polo que, estamos entre as bisbarras con maiores riquezas herpetolóxicas de Galicia.

1.10.4. AVES

A cantidade de especies de aves está por riba das 75 especies. O val de Monterrei (TP29PG24;TP29PG34) está entre os lugares onde aparecen aniñando entre 66 e 79 especies, sendo por tanto zonas de interese ornítico.

1.10.5. MAMÍFEROS

Son 33 as especies de mamíferos que aparecen nos cadros do Atlas de mamíferos correspondentes a Verín.



TÁBOA 20: Mamíferos

NOME CIENTÍFICO	NOME COMÚN	UICN
<i>Galemys pyrenaicus</i>	Furapresas	EN PERIGO (EN) A1AB
<i>Sorex coronatus</i>	Furafolhas grande	PREOCUPACION MENOR (LC)
<i>Neomys anomalus</i>	Murgaño de Cabrera	PREOCUPACION MENOR (LC)
<i>Crocidura suaveolens</i>	Furaño xardineiro	DATOS INSUFICIENTES(DD)
<i>Crocidura russula</i>	Furaño común	PREOCUPACION MENOR (LC)
<i>Rhinolophus ferrumequinum</i>	Morcego grande de ferradura	ESPECIE AUTÓCTONA
<i>Rhinolophus hipposideros</i>	Morcego pequeno de ferradura	ESPECIE AUTÓCTONA
<i>Pipistrellus pipistrellus</i>	Morcego común	ESPECIE AUTÓCTONA
<i>Tadarida teniotis</i>	Morcego rabudo	ESPECIE AUTÓCTONA
<i>Plecotus auritus</i>	Morcego orelludo común	ESPECIE AUTÓCTONA
<i>Erinaceus europaeus</i>	Ourizo cacho	
<i>Talpa occidentalis</i>	Toupa cega	
<i>Lepus granatensis</i>	Lebre	PREOCUPACION MENOR (LC)
<i>Oryctolagus cuniculus</i>	Coello bravo	PREOCUPACION MENOR (LC)
<i>Microtus agrestis</i>	Trilladeira dosprados	PREOCUPACION MENOR (LC)
<i>Pitymys lusitanicus</i>	Corta dos prados	
<i>Arvicola sapidus</i>	Rata de auga	VULNERABLE (VU) B2c
<i>Rattus norvegicus</i>	Rata común	NON AVALIADA (NE)
<i>Rattus rattus</i>	Rata de campo	DATOS INSUFICIENTES(DD)
<i>Apodemus sylvaticus</i>	Rato de campo	PREOCUPACION MENOR (LC)
<i>Mus apertus</i>	Rato mouro	PREOCUPACION MENOR (LC)
<i>Mus musculus</i>	Rato caseiro	PREOCUPACION MENOR (LC)
<i>Vulpes vulpes</i>	Raposo	PREOCUPACION MENOR (LC)
<i>Mustela erminea</i>	Armiño	VULNERABLE (VU) A3c
<i>Mustela nivalis</i>	Donicela	DATOS INSUFICIENTES(DD)
<i>Mustela putorius</i>	Tourón	CASE AMEAZADA (NT)
<i>Martes foina</i>	Garduña	PREOCUPACION MENOR (LC)
<i>Lutra lutra</i>	Londra	CASE AMEAZADA (NT)
<i>Meles meles</i>	Teixugo	PREOCUPACION MENOR (LC)
<i>Eliomys quercinus</i>	Leirón careto	
<i>Canis lupus</i>	Lobo	CASI AMEAZADO (NT)
<i>Sus scrofa</i>	Porco bravo	PREOCUPACION MENOR (LC)
<i>Genetta genetta</i>	Algaria	PREOCUPACION MENOR (LC)



Felis sylvestris	Gato bravo	VULNERABLE (VU) A2cE
Capreolus capreolus	Corzo	PREOCUPACION MENOR (LC)

1.10.6. ESPECIES QUE APARECEN NO CATÁLOGO DA REDE NATURA DO RÍO TÁMEGA

A continuación amosamos a táboa de especies que aparecen no catálogo da rede Natura 2000 do río Támega

TÁBOA 21 Especies do catálogo do LIC Rio Támega

NOME CIENTIFICO	GRUPO
Cerambyx cerdo	Invertebrado
Geomalacus maculosus	Invertebrado
Lucanus cervus	Invertebrado
Oxygastra curtisii	Invertebrado
Chondrostoma polylepis	peixes
Discoglossus galganoi	anfibios
Rana iberica	anfibios
Lacerta schreiberi	réptiles
Natrix maura	réptiles
Natrix natrix	réptiles
Accipiter gentilis	paxaros
Accipiter nisus	paxaros
Alcedo atthis	paxaros
Anas platyrhynchos	paxaros
Anthus campestris	paxaros
Ardea cinerea	paxaros
Caprimulgus europaeus	paxaros
Charadrius dubius	paxaros
Falco subbuteo	paxaros
Lullula arborea	paxaros
Oriolus oriolus	paxaros
Sylvia undata	paxaros
Mustela putorius	mamíferos
Lutra lutra	mamíferos
Rhinolophus ferrumequinum	mamíferos
Rhinolophus hipposideros	mamíferos
Fonte: European Topic Center for Nature Protection and Biodiversity	



1.11. A PAISAXE

Verín presenta unha paisaxe natural variada, cunha alta diversidade de hábitats e cunha configuración morfolóxica tamén diversa: serras, outeiros, vales pechados, e abertos, ríos, regueiros e regatos, barrancos, charcas, humidais, bosques, bosquetes, etc.

A configuración morfolóxica do territorio, organizada a traveso do val do Támega co seu contorno elevado de serras, onde destaca, por unha banda como fito paisaxístico o castelo de Monterrei, e por outra, os usos da terra onde temos unha paisaxe en mosaico de cultivos de vide (os bacelos), de cereal e horta, algunhas zonas de touzas mosaico con sebes arboradas que delimitan os cultivos e ou prados, bosquetes de ribeira, bosquetes de arborado autóctono, e por outra banda, as ladeiras das serras que pechan o val, onde os cultivos e pastos se mesturan cun mato arborado e coas repoboacións forestais.

Esta diversidade pode ser contemplada en toda a súa magnitude, dende os miradoiros naturais do concello como o monte Maior, O Larouco, as Laxes das Chas e o Castelo, ou dende o Castelo de Monterrei (concello de Monterrei).

Por outra banda, en termos xerais, entre os elementos e procesos que máis negativamente inciden na calidade da paisaxe, pódense sinalar os incendios forestais, as canteiras, a autoestrada, as infraestruturas de telecomunicacións e eléctricas a liña de canleado de alta tensión que chega ata a vila de Verín, ...

1.11.1. AS CUNCAS VISUAIS

Primeiramente elaboramos o mapa de cuncas visuais, segundo as subcuncas hidrolóxicas, segundo analizamos un punto do territorio que é un fito da paisaxe: o Monte Maior e, terceiro analizamos a intervisibilidade da autoestrada A6 no seu paso polo territorio de Verín; segundo por ser unha altura significativa no concello, e o terceiro, a autoestrada, por ser unha vía de alta capacidade, e polo tanto, cun gran número de potenciais persoas que ven a paisaxe cando circulan por ela. As cunca visuais resultantes son as seguintes:

Ilustración 22: Cuncas visuais segundo subcuncas hidrográficas






Ilustración 23: cunca visual dende o monte maior

**Cunca visual da Autoestrada**

- Non Visible
- Visible

Ilustración 24: cunca visual dende a autoestrada

**Cunca visual do Monte Maior**

- Non Visible
- Visible



2. OS USOS ACTUAIS E POTENCIAIS DO SOLO

2.1. INTRODUCCIÓN

Para a realización deste capítulo teranse en conta, fundamentalmente, os datos extraídos das bases de datos dos seguintes mapas: Mapa de Usos e Coberturas do solo de escala 1:25.000, publicado no ano 2004 pola Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, o mapa do proxecto CORINE Land Cover (CLC) a escala 1:100.000 sobre a cobertura/uso do territorio, o Mapa do Terceiro Inventario Nacional Forestal e o Mapa de capacidade produtiva de Díaz Fierros.

Ademais, consultáronse diferentes fontes de datos estatísticos: o censo do 1999 desglosado a nivel municipal, os inventarios agrarios do 2000 a 2004 cos datos a nivel comarcal e os datos do catastro de rústica dos tipos de cultivos. Cómpre sinalar as problemáticas que estes datos estatísticos teñen: uns por vellos nun campo como a agricultura, con fortes cambios na última década; outros, só están a nivel comarcal e ademais todos eles teñen diferentes metodoloxías, polo que, a valoración comparativa destes datos estatísticos é soamente a grandes trazos.

2.2. CLASES DE USOS E COBERTURAS

As clases de usos defínense como unidades de superficie homoxéneas, compostas por un ou varios usos-coberturas. Cada clase pretende definir unha situación concreta e única, dende o punto de vista agrológico, medioambiental e socioeconómico. A lenda do mapa de usos e coberturas presenta unha organización xerárquica, estruturada en niveis asimilables aos do mapa CORINE- land-cover. A táboa seguinte desglosa a superficie e porcentaxe dos usos:

TÁBOA 22 Superficie e porcentaxe das clases de usos en Verín

	CLASE25MIL	superficie	%
	SUPERFICIES ARTIFICIAIS:	249,46	2,56
1	NUCLEOS DE POBOACION	168.11	1.72
2	URBANIZACION AGRICOLA DIFUSA	35.82	0.37
3	ZONAS INDUSTRIAIS, COMERCIAIS E DE SERVIZOS	34.16	0.35
4	MINAS	11.37	0.12
	ZONAS AGRICOLAS	4631,74	47,35
5	CULTIVOS ANUAIS EN Maioría E Viñedo	885.50	9.05
6	VIÑEDO EN MAIORIA E CULTIVOS ANUAIS	2041.13	20.87
7	VIÑEDO E VEXETACION FORESTAL	1259.93	12.88
8	PRADOS EN MAIORIA, CULTIVOS ANUAIS E VIÑEDO	442.41	4.52
9	PRADOS EN MAIORIA, CULTIVOS ANUAIS E MATO	2.77	0.03



	ZONAS DE GANDERIA	625,15	6,39
10	CULTIVOS FORRAXEIRO E ESPECIES MADEREIRAS,	144.23	1.47
11	PRADOS	17.64	0.18
12	MATO-PASTEIRO	463.28	4.74
	ZONAS ARBORADAS	3185,92	32,58
13	CADUCIFOLIAS	235.66	2.41
14	EUCALIPTO E PIÑEIRO	283.15	2.90
15	PIÑEIRO	2629.63	26.89
16	MIMOSAS EN Maioría, PIÑEIRO E CADUCIFOLIAS	37.48	0.38
	ZONAS DE MATO	1063,96	10,88
17	MATO	490.39	5.01
18	MATO E CADUCIFOLIAS	70.22	0.72
19	MATO E ESPECIES MADEREIRAS	503.35	5.15
	ZONAS HUMIDAS E DE AUGA	24,3	0,25
20	LAGOAS CONTINENTAIS	24.30	0.25
	FONTE:ELABORACION PROPIA A PARTIR DO SITGA		

GRÁFICO 10: Porcentaxes de Clases de Usos





Ilustración 25: Mapa de Usos


USOS E COBERTURAS

- | | |
|--|--|
| ■ NÚCLEOS DE POBOACIÓN | ■ CADUCIFOLIAS |
| ■ URBANIZACIÓN AGRÍCOLA DIFUSA | ■ PIÑEIRO |
| ■ ZONAS INDUSTRIAIS, COMERCIAIS E DE SERVICIOS | ■ MIMOSAS EN MAIORÍA, PIÑEIRO E CADUCIFOLIAS |
| ■ MINAS | ■ MATO-PASTEIRO |
| ■ CULTIVOS ANUAIS EN MAIORÍA E VIÑEDO | ■ MATO |
| ■ VIÑEDO EN MAIORÍA E CULTIVOS ANUAIS | ■ MATO E CADUCIFOLIAS |
| ■ VIÑEDO E VEXETACIÓN FORESTAL | ■ MATO E ESPECIES MADEREIRAS |
| ■ CULTIVOS FORRAXEIROIS E ESPECIES MADEREIRAS | ■ LAGOAS CONTINENTAIS |
| ■ PRADOS | |
| ■ PRADOS EN MAIORÍA, CULTIVOS ANUAIS E MATO | |
| ■ PRADOS EN MAIORÍA, CULTIVOS ANUAIS E VIÑEDO | |
| ■ EUCALIPTO E PIÑEIRO | |

2.2.1. USOS USO AGRÍCOLA E GANDEIRO

No concernente ó número das explotacións agrarias, o Censo agrario 1999, realizado en coordinación co resto dos países da UE, reflicte que o número de explotacións censadas totais, no municipio de Verín, nese ano, era de 1.522; das cales 1.147 explotacións tiñan SAU (Superficie Agraria Útil). En relación ao aproveitamento das terras labradas, o cadro seguinte reflicte para Verín a existencia dun predominio das hectáreas dedicadas a viñedos, que representa o 63% de tódalas terras labradas, dedicándose un 33% a cultivos herbáceos e o 4% a froiteiros. Nos concellos de Verín, Oímbra e Monterrei, o viñedo representa

o 44, 57 e 63 % respectivamente da superficie agraria de cada concello, o que nos da unha idea da importancia do viñado, nestas terras.

GRÁFICO 11: Censo agrario 1999 concellos da comarca





GRÁFICO 12: Distribución da superficie agraria segundo tipo de cultivo. Censo agrario 1999



Todo o concello de Verín está inscrito na denominación de orixe Monterrei, na subzona val de Monterrei, agás a parroquia de Queirugás que está a subzona ladeira de Monterrei. A denominación de orixe de Monterrei tiña no ano 2000, na comarca 580 hectáreas de superficie inscrita.

Na actualidade, estanse poñéndose en marcha tres zonas de concertación parcelaria. A concentración parcelaria de Cabreiroá cunha superficie de 391 hectáreas dedicadas ao cultivo da horta, viña (denominación de orixe de Monterrei e do cereal, a concentración parcelaria de Mandín Feces, cunha superficie de 1267 Has. dedicadas ao cultivo da horta, viña (denominación de orixe de Monterrei e do cereal) e a concentración parcelaria de Mourazos-Tamagos-Tamaguelos, cunha superficie total de 1.250 hectáreas.

Isto supón un total de case 3.000 hectáreas dedicadas a unha agricultura de comercialización, fundamentalmente viñado (denominación de orixe de Monterrei), así como froiteiras, horta e cereal.

No que se refire á gandería, o concello de Verín, segundo datos do 2003 do IGE e CPADR ten 23 explotacións de gando bovino, cun total de 227 bovinos, o que da unha media de 9.8 vacas por



explotacións, contando na comarca con 367 explotacións e 4.925 bovinos o que da unha media maior, de 13.4 vacas por explotación. Son, en xeral, explotacións gandeiras familiares, onde a produción de carne se realiza de forma tradicional, permanecendo os tenreiros xunto ás nais ata o sacrificio. A base da súa alimentación é o leite, complementado con forraxes e cereais, estando estas explotacións moi ligadas á terra.

2.2.2. USO FORESTAL

Os usos forestais acadan unha completa conxunción entre o aproveitamento dos recursos e a preservación e mellora do espazo forestal, sendo hábitats indispensables para especies de fauna, con requirimentos de hábitats vencellados á superficie. Estes montes débense propiciar e incentivar, cara a obter uns montes de maior calidade natural e traballar, cara atallar a problemática dos incendios forestais.

A superficie ocupada polo forestal, en Verín, segundo os datos procedentes do 3 I inventario Forestal, realizado en (1997-1998), é do 63% da superficie total, unhas 5.900 Has.

Se se analizan as formacións forestais, dominantes en Verín, apreciase como predominan os piñeirais, seguido de piñeirais con carballos e rebolos, ou piñeiros e rebolos, aparecendo, tamén, boas manchas de castiñeiros, así como carrascos no 3IF.

No que respecta á superficie de monte en Man Común, segundo datos da Xunta, son 3.530 hectáreas de monte mancomunado, repartidos nas diferentes comunidades, como se expresa na seguinte táboa, estando o resto do monte en mans particulares.

TÁBOA 23Montes en Man Común

Código	MONTE	COMUNIDADE	HA
3208505001	Sobral ó Comunal de Quiroganes	Queirugás, A Rasela, Vilela e Tintores	640
3208505003	Touza do Vello e Veiga	Tamagos	496
3208505004	Monte de Xieira e Veiga	Tamaguelos	344
3208505006	Montes de Villamayor	Vilamaior	97
3208505007	De Ábedes	Ábedes	306
3208505008	Maior e Cabreiroá	Cabreiroá	292
3208505009	Montes do Circo	Feces de Cima	528
3208505011	Outeiro de Pendón e Veiga	Mourazos	248
3208505012	Serra de San Salvador, Veiga e Ladairo	Pazos	114
3208508002	Ladairo e Veiga	Queizás	101
3208508005	Comunal de Tintores	Tintores	42
3208508010	Montes do Circo	Mandín	321
3208508013	Comunal de Vilela	Vilela	1.07
3208508014	Monte Veiga		
3208508015	Pozas de Vilar		
Fonte:Xunta de Galicia			

Ilustración 26: usos





Ilustración 27: Mapa forestal



2.2.3. AS TERRAS E A SÚA APTITUDE PARA USOS AGRO FORESTAIS

Para a tradución das clases de terras, en termos de aptitude, defínense uns usos agroforestais específicos e en relación a eles, establécense os distintos grados de aptitude.

Para a identificación dos usos agroforestais, tomáronse como base os aproveitamentos da terra existentes no concello, segundo o mapa de “Corine land cover” e o de Usos e aproveitamentos escala 1:25000 (SITGA 2004 Xunta de Galicia). Os usos con requirimentos similares agrupáronse en categorías. Avalíanse estes usos xunto ao mapa de capacidade produtiva dos solos, o mapa de pendente media, o mapa de insolación, o mapa forestal, as zonas protexidas baixo a Rede Natura, todo



elo mediante entrecruzamentos, mediante análise cualitativo e ponderado, utilizándose as celdas raster como unidades cartográficas de avaliación .

TÁBOA 24 Factores de avaliación das cualidades da terra para uso agrario

	MA	A	M	B	MB
PENDENTES %:	< 10	10-30	10-30	>45	
CLASES DE SOLOS	AM	BP	C*P	EP	FP/GP
INSOLACIÓN	MA	A	A	M	B
REDE NATURA			X		
AGRO 3IF		A			
CONCENTRACION PARCELARIA	MA				

MA MOI ALTO; **A** ALTO; **M** MEDIO; **B** BAIXO ; **MB** MOI BAIXO.

A avaliación de terras permite identificar as potencialidades intrínsecas do territorio, e localizar as zonas con maior aptitude, para un determinado aproveitamento.


TÁBOA 25: Avaliación dos usos dos aproveitamentos da terra

CLASE25MIL		
1	NÚCLEOS DE POBOACIÓN	NULO
2	URBANIZACION AGRÍCOLA DIFUSA	MB
3	ZONAS INDUSTRIAIS, COMERCIAIS E DE SERVIZOS	NULO
4	MINAS	NULO
5	CULTIVOS ANUAIS EN MAIORÍA E VIÑEDO	MA
6	VIÑEDO EN MAIORÍA E CULTIVOS ANUAIS	MA
7	VIÑEDO E VEXETACION FORESTAL	MA
8	PRADOS EN MAIORÍA, CULTIVOS ANUAIS E VIÑEDO	MA
9	PRADOS EN MAIORÍA, CULTIVOS ANUAIS E MATO	MA
10	CULTIVOS FORRAXEIRO E ESPECIES MADEREIRAS,	A
11	PRADOS	A
12	MATO-PASTEIRO	A
	ZONAS ARBORADAS	
13	CADUCIFOLIAS	MB
14	EUCALIPTO E PIÑEIRO	M
15	PIÑEIRO	M
16	MIMOSAS EN MAIORÍA, PIÑEIRO E CADUCIFOLIAS	B
17	MATO	B
18	MATO E CADUCIFOLIAS	MB
19	MATO E ESPECIES MADEREIRAS	B
20	LAGOAS CONTINENTAIS	NULO

FONTE: Elaboración propia a partir do SITGA

Os resultados do entrecruzamento conforman o mapa de aptitude agraria. Cómpre lembrar que a aptitude dunha unidade cartográfica de avaliación, exprésase como a máis idónea para un determinado uso, sendo neste caso o agrario.

Ilustración 28





3. RISCOS

3.1. RISCOS XEOLÓXICOS.

Os riscos xeolóxicos comprenden un gran número de catástrofes naturais: inundacións, chuvias torrenciais, sismos, derrubamentos e desprendementos de terras, entre outros.

En Galicia, os principais riscos xeolóxicos céntranse na inundación de leitos e chairas aluviais, así como nos escorregamentos, a favor de planos de debilidade.

3.1.1. AS INUNDACIÓNS:

A cunca do Támega, que descende encaixado ata Laza para abrirse posteriormente formando un amplo val, presenta un forte contraste entre as altas terras montañosas e o val aplanado que se continúa por Portugal .

Estas zonas de val constitúense como unha zona sumamente susceptible de sufrir inundacións, as cales veñen padecendo dende tempos inmemoriais como así o recolle a “Confederación Hidrográfica do Duero”, para o cal dende 1996 leva efectuadas obras de defensa contra avenidas e acondicionamento de canles.

Nun estudo, levado a cabo para o acondicionamento do canle do río Támega, identificábanse tódolos puntos conflitivos, atopándose que os problemas máis graves estaban no río Támega ao seu paso por Verín e no río Bupal ao seu paso por Villaza, levándose en ambos casos, a cabo, obras de acondicionamento de canles con incremento de moutas e muros. Así, no concello de Verín, existen un gran número de obras de defensa, principalmente no núcleo da vila de Verín. Cómpre recordar que en épocas de chuva o Támega chega a Verín, despois de recoller gran cantidade de auga nas serras.

Así, as marxes do río Támega, no seu paso polos termos municipais de Monterrei, Castrelo do Val, Verín e Laza, están clasificadas como **zonas de inundación ocasional c** (son zonas que se inundan para enchentas de período de retorno entre 50 e 100 anos).

Ao norte do municipio en Vilamaior, os regatos provocan inundacións que afectan ao campo de fútbol. Ao seu paso por Tintores e Vilela, o río Támega inundaba os terreos próximos, pese á existencia de muro a ámbalas dúas marxes.

En Verín, en especial no barrio de San Lázaro, sofre repetidas inundacións ao situarse as casas moi pegadas ao propio río. A escollera que existe no polígono de Pazos, debe continuarse ata a paraxe denominada Placeres.

Tamén nos regatos de Abedes, Tamagos e Mourazos e Videiras aparecen episodios de inundacións.



Zonas e mapa de risco histórico de inundacións: as zonas de risco histórico considéranse para un período de retorno de 500 anos. Onde o Támega aparece no ano 1995 e no ano 2000 na táboa e no anexo 9 do Plan Especial de Protección Civil, ante o Risco de Inundacións en Galicia.

Verín está clasificado como concello de risco alto, cun coeficiente de risco da cunca do Támega, de 1.0, segundo o Plan Especial de Protección Civil, ante o Risco de Inundacións en Galicia.

Táboa 26 Criterios de coeficiente de risco para Verín

Perdas de vidas humanas	Non hai datos históricos que recollan datos.
Vías de comunicación	A infraestrutura viaria é importante e podería verse afectada
Infraestrutura de abastecemento e saneamento	Danos tipo medio
Infraestrutura urbana	Densidade de poboación tipo medio
Infraestrutura subministro eléctrico	Non son importantes
Infraestrutura comunicación	Non son importantes
Redes de rega e drenaxe	Danos de importancia nos cultivos
Industrias	Extracción de areas, fabricas.
Fonte: Plan Especial de Protección Civil ante o Risco de Inundacións en Galicia.	

A baixa permeabilidade dos materiais das serras, que aumenta a escorrentía superficial, xunto co Támega que descorre case sen pendente, ao seu paso por Verín, permiten que as augas circulen e se desborden polas chairas adxacentes, provocando inundacións.

3.1.2. OUTROS RISCOS: INCENDIOS FORESTAIS

Á hora de analizar as diversas ameazas que poden afectar aos sistemas forestais, tales como as relacionadas coa erosión, os incendios forestais, ou as relacionadas cos axentes causantes de dano na vexetación, de todas elas, as que presentan unha maior problemática nos montes, son os incendios forestais.

Na Orde do 12 de xullo de 2005 decláranse as zonas de especial risco de incendios forestais (ZER), e no seu anexo queda recollida, do concello de Verín, a parroquia de Queizás, catalogada como de Alto risco de Incendio (ZER)


3.1.3. OUTROS RISCOS A EROSIÓN

Segundo o mapa do inventario nacional de erosión, da provincia de Ourense, temos unha superficie erosionable de moi leve a moderadamente grave.

TÁBOA 27

Código	Cualificación da erosión	Perda de solo (t/ha ano)
1	Nula	0-5
2	Moi Leve	5-10
3	Leve	10-25
4	Moderada leve	25-50
5	Moderadamente grave	50-100
6	Grave	100-200
7	Moi grave	>200

Ilustración 29: niveis erosivos



NIVEIS EROSIVOS
(T/HA ANO)

0-5 10-25 25-50 5-10 50-100



4. IDENTIFICACIÓN DOS RECURSOS AMBIENTAIS VALIOSOS DO ENTORNO. AS POTENCIALIDADES DOS ESPAZOS QUE REQUIREN ALGÚN TIPO DE PROTECCIÓN

4.1. INTRODUCCIÓN

Para cada punto do territorio débense conservar os espazos con valores ecolóxicos, paisaxísticos, produtivos e científico-culturais; así como protexer e regular os usos e accións naquelas áreas do territorio que conserven un valor natural o sexan susceptibles de recuperar o que tiveron algún día; ademais de traballar cara á mellora, recuperación e rehabilitación dos elementos e procesos do medio natural, que se atopen degradados.

O novo modelo territorial ten que ser coherente cos principios de desenvolvemento sostible e os novos desenvolvementos urbanos deben satisfacer as necesidades da poboación, coa mínima ocupación posible de solo, limitando os fenómenos de expansión extensiva e de baixa densidade a zonas moi concretas do territorio. En resumo, o entendemento de que o medio ambiente é un factor clave do desenvolvemento económico e de calidade de vida, así como a integración das medidas de protección ambiental en tódalas políticas sectoriais e territoriais, xunto á planificación e localización das actividades (VI Programa de Acción en Materia de Medio Ambiente).

A conservación e o uso sostible da biodiversidade é un dos dous grandes paradigmas das sociedades desenvolvidas. Isto implica tanto conservar, como restaurar ecosistemas fráxiles ou degradados, mediante a protección de tódolos espazos de interese natural.

Neste senso resultan de especial importancia todas as áreas de especial valor ecolóxico, paisaxístico e cultural; debendo quedar protexidas mediante a figura de solo rústico de protección especial, en primeiro lugar os terreos que forman parte da rede natura, e todos aqueles outros con suficientes valores para ser protexidos e por tanto, preservados da urbanización.

Cómpre lembrar que unha vez posta en marcha a rede Natura 2000, elaboraranse os plans necesarios (tanto de conservación de hábitats pouco degradados, como de restauración de hábitats degradados) para garantir a persistencia dos hábitats naturais declarados como de interese comunitario. Estes plans irán dirixidos en ocasións para a aplicación de medidas para a conservación de certos agrosistemas como debería ser o caso do mosaico agrícola con arborado autóctono en Cabreiroá. Para os espazos de interese o plan de ordenación debe velar por:

- A explotación sostible dos recursos naturais, así como a súa restauración e mellora.
- A preservación da variedade e singularidade dos ecosistemas naturais e da paisaxe. Isto é a preservación da biodiversidade.



- A permeabilidade ecolóxica, isto é, o mantemento dos procesos ecolóxicos esenciais e dos hábitats das especies de flora e fauna que viven en estado silvestre, garantindo a súa diversidade xenética mediante os corredores naturais.
- Mantemento dos recursos do solo (agrogandeiros, protección forestal, zonas inundables, protección arqueolóxica, ...).
- Protección dos recursos hídricos fronte á ocupación e as verteduras.
- Conservación dos pes arbóreos de interese, tanto natural como simbólico ou exemplares sobresaíntes, especialmente os piñeirais de costa, as frondosas autóctonas, a vexetación de ribeira e exemplares arbóreos de parques e xardíns públicos e privados.
- As zonas verdes e áreas recreativas

4.2. OS RECURSOS A PRESERVAR

O territorio de Verín conta cunha serie de recursos, ben de carácter físico ou natural -a vexetación autóctona, a paisaxe, os ríos, os humidaís, as augas mineiro medicinais, o clima, etc.-, ben de carácter antrópico -a agricultura, os viñedos, os balnearios, as áreas recreativas, o patrimonio cultural e histórico artístico, actuacións urbanas, etc.-

que, polas súas específicas cualidades positivas, cómpre que sexan obxecto dunha especial atención, desde o punto de vista da adopción de medidas encamiñadas a garantir a conservación, ordenación e protección da paisaxe, o respecto á identidade para conseguir que o xeito de ocupar o territorio sexa o máis racional e sostible posible. A relación destes recursos é a seguinte:

A. -A calidade ambiental e a paisaxística:

En primeiro lugar, e a modo de calidade englobadora de tódalas demais, resulta necesario mencionar o elevado grado de calidade ambiental e a altísima diversidade paisaxística do territorio, onde destacamos todo o sistema hídrico do río Támega e o seu complexo fluvial cunha chea de espazos húmidos asociadas ao río, o espazo agrario tradicional, os viñedos, os bosques de ribeira, o mato con arborado autóctono, o Pozo do Demo, O monte Maior, ...

B. -O río Támega:

A súa condición de río principal confire unha determinada calidade paisaxística e visual que forma parte da imaxe percibida polos habitantes e visitantes da vila e do municipio. O río Támega constitúe un elemento representativo e identificativo da Vila e do municipio de Verín.

Na actualidade está regulado como espazo natural protexido mediante a rede natura.



C. -O resto dos ríos e regatos

O sistema hidrolóxico constitúe unha valiosa rede ecolóxica de corredor natural. Destacando por unha banda o río pequeno e o seu tributario, o barranco do Crico e por outra, o río Abedes que forma un valioso espazo fluvial na zona de Cabreiroá, que está tamén incluído, en parte, na Rede Natura

D.-O Pozo do Demo, Caldeirón

É un espazo natural cunha cova

E.-O monte Maior

Presenta vistas panorámicas de Verín

F.-Os parques e as áreas recreativas asociadas aos ríos.

A creación dunha rede de áreas recreativas, localizadas no ámbito natural, que se poden interconexionar mediante itinerarios peonís

G.- As explotacións agrarias

O concepto de capacidade agrolóxica resume, fundamentalmente, os aspectos dun terreo. Por un lado, a capacidade de produción agraria do solo, por outro, o risco de perda ou deterioro de tal capacidade, en función do sistema de explotación ao que sexa sometido. Os solos de altas capacidades agrolóxicas constitúen un innegable recurso, tanto respecto ao punto de máxima intensidade de explotación agropecuaria, como desde, en concordancia con esta, o valor agropaisaxístico que a existencia e desenvolvemento de explotacións agropecuarias modernas, rendibles e sostibles, confire á paisaxe e ao territorio.

H.-A vexetación.

Se ben, se terá que admitir que, a vexetación actualmente existente no municipio pouco ten que ver coa vexetación potencial -aquela que resultaría da evolución dos factores físicos, químicos e biolóxicos de orixe natural, sen intervención humana-, existen unha serie de ámbitos ou zonas que presentan unha vexetación en bo estado de conservación, que resulta transcendental conservar na configuración de determinadas paisaxes, de alto valor medioambiental, como é o caso das sebes arboradas ou das caducifolias autóctonas.

4.3. ESPAZOS NATURAIS PROTEXIDOS

4.3.1. A REDE NATURA 2000

A rede Natura 2000 é unha rede ecolóxica de lugares, creada para conseguir manter, nun estado de conservación favorable, representacións de tódolos tipos de hábitats e taxons de flora e fauna declarados de interese comunitario. Na lista de lugares de importancia comunitaria da rexión



bioxeográfica atlántica aprobada de acordo coa Directiva 92/43/CEE o 7 de decembro de 2004, aparece o LIC río Támega (Código ES11300005) cunha superficie de 718.76 hectáreas e coordenadas xeográficas W 7 26 N 41 58.


A Lei 9/2001, de Conservación da Natureza define os espazos naturais protexidos como aqueles espazos que conteñan elementos ou sistemas naturais de particular valor, interese ou singularidade, tanto debido á acción e evolución da natureza coma derivados da actividade humana, e que fosen declarados como tales

Segundo o Decreto 72/2004, do 2 de abril a proposta de LIC en réxime de protección xeral, pasan a formar parte da figura de zonas de especial protección dos valores naturais, definíndose como aqueles espazos nos que, polos seus valores ou interese natural, cultural, científico, educativo ou paisaxístico, sexa necesario asegurar a súa conservación e non teñan outra protección específica. Nestas áreas poderanse seguir levando a cabo, de maneira ordenada, os usos e as actividades tradicionais que non vulneren aos valores protexidos.

TÁBOA 28


Características do LIC río Támega
Superficie: 718.76 ha
Altitude media: 409
Rexión bioclimática: Mediterránea
Municipios: Castrelo do Val , Iza, Monterrei, Verón e Ombra.
Data declaración : 2001

Ilustración 30: Redes Natura na comarca

**LUGARES INTERESE COMUNITARIO**

-  lim5_macizo_central
-  lim5_riotámega

Ilustración 31: rede natura



Zonas de especial protección dos valores naturais

redenaturamega

Nas seguintes fotografías amósanse, en detalle, varias zonas de Rede Natura







Ilustración 32




REDE NATURA TÁMEGA



REDE NATURA TÁMEGA



REDE NATURA TÁMEGA





ANÁLISE DO MODELO DE ASENTAMENTO POBOACIONAL

**ÍNDICE**

1.	ANÁLISE DO MODELO DE ASENTAMENTO POBOACIONAL	4
1.1.	A ESTRUCTURA TERRITORIAL E PARROQUIAL.....	4
1.1.1.	A estrutura comarcal	4
1.2.	A ESTRUCTURA E A XERARQUIZACIÓN PARROQUIAL.....	7
1.2.1.	Caracterización das parroquias	10
1.2.1.1.	Parroquia de Santa María de Ábedes	10
1.2.1.2.	Parroquia de San Salvador de Cabreiroá.....	11
1.2.1.3.	Parroquia de Santa María de Feces de Abaixo.....	12
1.2.1.4.	Parroquia de Santa María de Feces de Cima	13
1.2.1.5.	Parroquia de Santa María de Mandín	13
1.2.1.6.	Parroquia de San Martiño de Mourazos.....	14
1.2.1.7.	Parroquia de San Fiz de Pazos.....	15
1.2.1.8.	Parroquia de San Bartolomeu de Queirugás.....	15
1.2.1.9.	Parroquia de San Pedro de Queizás.....	16
1.2.1.10.	Parroquia de Santa María de A Rasela	17
1.2.1.11.	Parroquia de Santa María de Tamagos.....	18
1.2.1.12.	Parroquia de Santa María de Tamaguelos	18
1.2.1.13.	Parroquia de Santa Cristina de Tintores.....	19
1.2.1.14.	Parroquia de Santa María a Maior de Verín	20
1.2.1.15.	Parroquia de Santiago de Vilamaior do Val	20
1.3.	ASENTAMENTOS DE POBOACIÓN.....	21
1.3.1.	Tipoloxía e morfoloxía dos asentamentos	22
1.3.2.	Evolución e xerarquía dos asentamentos.....	22
1.4.	ANÁLISE PORMIUDADA DOS ASENTAMENTOS DE POBOACIÓN.....	26
1.4.1.	Caracterización urbanística dos asentamentos	26
1.4.1.1.	Os núcleos urbanos.....	26
1.4.1.2.	Os núcleos rurais.....	26
1.4.2.	Os usos do solo e a edificación nos núcleos	28
1.4.2.1.	O uso residencial.....	29
1.4.2.2.	Os usos comerciais	29



1.4.2.3.	Os usos industriais	30
1.4.2.4.	Os usos hostaleiros	30
1.4.2.5.	Os usos equipamentais	31
1.4.2.6.	Os espazos libres	31
1.4.3.	Tipoloxías edificatorias.....	32
1.4.3.1.	As tipoloxías urbanas.	32
1.4.3.2.	As tipoloxías rurais	32
1.4.3.3.	As construcións adxectivas	34

1. ANÁLISE DO MODELO DE ASENTAMENTO POBOACIONAL

1.1. A ESTRUCTURA TERRITORIAL E PARROQUIAL


1.1.1. A ESTRUCTURA COMARCAL

O concello de Verín está situado na parte sudoriental da provincia de Ourense, na depresión tectónica de Monterrei, de fondo plano e de gran extensión, que está percorrida polo río Támega e o seu afluente o río de Cabreiroá, ós que aflúen numerosos regatos, procedentes das serras que delimitan o perímetro da depresión, que son as serras de San Salvador e de Meda, e as serras do Invernadoiro e San Mamede polo Norte; Pena Nofre, Pena Boeira, monte Beloso, Robiós e serra de Penas Libres polo Leste; serra Seca, monte Ladairo e Laxas de Chas polo Sur, e Oímbra e Albarellos polo Oeste.

A depresión marca nidiamente os límites da comarca, debido a que o seu fondo é profundo e os rebordos son máis elevados, o que fai que os desniveis relativos sexan fortes e dean lugar a un amurallamento natural. Este círculo montañoso ábrese cara o sur, tendo a súa prolongación na veciña depresión de Chaves, xa en terras portuguesas; así, namentres no resto da comarca os límites son naturais, neste sector trátase de límites políticos, é dicir, a fronteira lusa.

A comarca de Verín está situada no Surlleste da provincia de Ourense e limita ao Norte coas comarcas de Terra de Trives e de Terra de Caldelas, ao Sur con Portugal, ao Leste coa comarca de Viana, e ao Oeste coa comarca de A Limia.

Mapa 1. Situación da comarca de Verín na provincia de Ourense



Fonte: elaboración propia.

No mapa comarcal de Galicia aprobado pola Xunta de Galicia en febreiro de 1997, Verín constitúese como o centro da comarca de Verín, xunto cos concellos de Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra, Riós e Vilardevós. O concello de Verín limita ao Norte co concello de Castrelo do Val, ao Sur con Portugal, ao Leste co concello de Vilardevós, e ao Oeste cos concellos de Monterrei e de Oímbra.

Mapa 2. Mapa dos concellos da comarca de Verín



Fonte: elaboración propia.

No caso da administración xudicial, Verín tamén é o centro do partido xudicial do mesmo nome, no que se inclúen todos os concellos xa citados máis os de A Gudiña e A Mezquita, que se inclúen na comarca de Verín. A maioría dos concellos pertenceron ao antigo partido xudicial de Monterrei, que a partires de 1834 foi substituído polo de Verín, pero algúns mudaron a súa dependencia xudicial, como Oímbra, que se compoñía das xurisdiccións históricas de Monterrei e Oímbra, que se integraron no partido xudicial de Verín, e A Gudiña e A Mezquita, que pertencían ao antigo partido xudicial de Viana ata a súa supresión en 1965, pasando o de Verín.

No que se refire á Mancomunidade de Concellos de Verín, ten a súa sede central en Verín e está composta por 10 concellos, que coinciden co partido xudicial de Verín, e practicamente coa delimitación comarcal, coas excepcións dos concellos de A Gudiña e A Mezquita. Esta mancomunidade ten como obxectivo o aproveitamento de servizos xerais comúns como os seguintes:



- Recadación.
- Servizo contra incendios.
- Protección civil.
- Servizos de recreo e turismo.
- Vertedura e tratamento de residuos sólidos urbanos.
- Actividades culturais e deportivas.
- Subministro de auga para o abastecemento domiciliario.
- Matadoiro: sacrificio e transporte de carne.
- Sanidade e ambulancias.
- Servizos técnicos de electricidade e auga.
- Coordinación dos planeamentos urbanísticos que afecten á estrutura e servizos mancomunados.

Na actualidade, Verín é o centro indiscutible dunha extensa área territorial e funcional, que inclúe a todos os concellos da depresión e os seus rebordos, pero dada a forte centralidade da cabeceira, a súa influencia esténdese a outros concellos próximos, como A Gudiña e A Mezquita, que forman parte da comarca administrativa de Verín, pero non da comarca natural, e que teñen dependencia de servizos administrativos e de rango especializado.

Os datos de poboación indican que, agás no concello de Verín, que é a cabeceira de comarca, e que ten unha poboación de 13.585 habitantes (datos de 2004), que supón un 48 % do total comarcal, o que indica unha forte concentración da poboación, os sete concellos restantes teñen unha poboación escasa (todos teñen unha poboación inferior a 3000 habitantes, exceptuando Laza, que ten 3.187 habitantes).

O conxunto da comarca presenta unha regresión poboacional segundo os datos dos censos de 1960 a 2001, producíndose o descenso máis acusado no decenio 1981 – 1991, que no seguinte decenio 1991 – 2001 é case nulo, e no período 2001 – 2004 prodúcese un lixeiro incremento. É significativo destacar que no ano 2004 a poboación total da comarca descendera un 33% con respecto a poboación total do ano 1960 e un 9% se consideramos o ano de 1900. Datos pois que amosan unha forte regresión para a segunda metade do século XX e sobre todo nos decenios finais.

Por concellos, Verín presenta unha tendencia de crecemento demográfico durante o período 1900 – 2004, en contraste co resto do concellos da comarca, que presentan nunha tendencia á regresión da poboación. A partir de 1981 se produce un aumento do contraste entre ambas tendencias, destacando o aumento no crecemento do concello de Verín.



Os datos de poboación son aínda máis esclarecedores se se analiza a densidade de poboación, que en habitantes por km² para o ano 2004 é de 144, 5, quintuplicando a media comarcal (28,6), triplicando a media provincial (46,8) e superando a media galega (93,1).

Táboa 1. Evolución da poboación nos concellos da comarca de Verín (1900 – 2004)

Comarca Verín	1900	1910	1920	1930	1940	1950	1960	1970	1981	1991	2001	2004
Castrelo do Val	2975	3133	2823	2913	3325	3227	3.190	2.897	2.066	1.461	1.284	1.239
Cualedro	3097	3459	3951	4327	4533	5001	5.773	5.722	5.628	2.563	2.391	2.286
Laza	4405	4516	4346	4262	4665	4573	4.228	3.384	2.497	2.303	1.904	1.800
Monterrei	4233	4947	4860	5156	6203	6108	5.752	5.028	4.877	3.603	3.314	3.187
Oímbra	2682	2792	2849	3000	3462	3498	3.491	2.634	2.109	2.088	1.996	1.984
Ríos	4664	4710	4979	4966	5504	5169	5.143	4.669	4.056	2.520	2.132	2.097
Verín	4968	5832	6023	6814	8137	8841	9.063	8.870	9.983	11.018	12.917	13.588
Vilardevós	4695	4846	4676	5639	6033	6645	6.645	6.152	5.694	3.257	2.803	2.633
Total	31.719	34.238	34.507	37.077	41.862	43.062	43.288	39.356	36.910	28.813	28.741	28.811


Fonte: Instituto Nacional de Estadística.

1.2. A ESTRUCTURA E A XERARQUIZACIÓN PARROQUIAL

A estrutura parroquial de Verín está composta actualmente de quince parroquias: Santa María de Ábedes, San Salvador de Cabreiroá, Santa María de Feces de Abaixo, Santa María de Feces de Cima, Santa María de Mandín, San Martiño de Mourazos, San Fiz de Pazos, San Bartolomeu de Queirugás, San Pedro de Queizás, Santa María de A Rasela, Santa María de Tamagos, Santa María de Tamaguelos, Santa Cristina de Tintores, Santa María a Maior de Verín e Santiago de Vilamaior do Val.

O concello de Verín ten quince parroquias, sendo a media comarcal de 10,3, a provincial de 10,1 e a galega de 12,1.

Mapa 3. Mapa de parroquias do concello de Verín



Fonte: elaboración propia.


Os elementos básicos que regulan a estrutura territorial do concello de Verín son tres:

- a) A forte influencia da vila de Verín como capital de concello e como centro comarcal.
- b) A topografía do territorio, definida pola depresión de Monterrei, que configura o trazado do río Támega e os seus afluentes.
- c) A estrutura viaria, na que Verín é un nó de comunicacións entre Galicia e a Meseta e o sueste de Galicia e Portugal.

Cabe resaltar a concentración da poboación na parroquia de Verín (70 % da poboación do concello) e nas sete limítrofes, que suman un total do 90 % dos habitantes municipais, fronte ao 10 % das outras sete parroquias. A proporción en superficie é de 42 % a 58 %, producíndose unha situación inversa.

Outro aspecto destacable da estrutura territorial é o sistema de asentamentos, no que as parroquias están formadas por un único núcleo de poboación, que están dispersos no territorio, pero o seu poboamento é concentrado.

Mapa 4. Distribución dos habitantes por parroquias



Fonte: elaboración propia.

A evolución da densidade de poboación do concello de Verín ao longo do século XX foi de 53 hab/Km² en 1900 a 144 hab/Km² en 2004. A densidade máis alta produciuse en 2004 e a máis baixa no ano 1900.

Táboa 2.

Parroquias	Poboación (2005)	Superficie (Km ²)	Densidade (Hab/km ²)
Ábedes	340	4,95	68,68
Cabreiroá	157	8,72	18
Feces de Abaixo	430	6,66	64,56
Feces de Cima	117	10,29	11,37
Mandín	204	5,49	37,15
Mourazos	170	9,51	17,87
Pazos	665	4,54	146,47
Queirugás	127	8,31	15,28
Queizás	399	3,24	123,14
Rasela	358	2,86	125,17
Tamagos	199	7,38	26,96
Tamaguelos	214	6,62	32,32
Tintores	495	2,9	170,68
Vilamaior do Val	362	7,15	50,62
Verín	9781	5,41	1807,94
Total	14018	94,03	149,08

Con estas cifras pódense diferenciar tres niveis de ocupación:



- O da parroquia onde se atopa a vila, Santa María a Maior de Verín, coa densidade máis elevada do concello.
- O de catro parroquias limítrofes coa de Verín (Tintores, Pazos, A Rasela e Queizás), cunhas densidades menores, pero que son superiores ás medias comarcal, provincial e galega, e moi próximas á media municipal
- O das dez parroquias restantes, que se sitúan por baixo da media galega, oito por baixo da media provincial e cinco por baixo da media comarcal, estando todas por baixo da media municipal.

1.2.1. CARACTERIZACIÓN DAS PARROQUIAS

1.2.1.1. Parroquia de Santa María de Ábedes

Está situada no Nordeste do concello e limita ao Norte coas parroquias de San Bartolomeu de Queirugás e de Santa María de A Rasela, ao Sur coa parroquia de San Salvador de Cabreiroá, ao Leste co concello de Vilardevós, e Oeste coas parroquias de Santa María de A Rasela e de Santa María a Maior de Verín.

A súa delimitación ven dada polo borde oriental da depresión de Monterrei e os montes que a delimitan no seu perímetro. A morfoloxía do territorio está definida por un predominio da influencia da depresión. Tamén destaca a importancia dos cursos fluviais, sendo o rego de Ábedes ou do Fachedo un elemento vertebrador do territorio, que atravesa de Nordeste a Suroeste a parroquia. A orografía da parroquia indica a zona de contacto entre unha superficie chairega, o borde oriental da depresión de Monterrei, e unha superficie sinuosa, os montes que delimitan o seu perímetro.

No modelo de asentamento da poboación, a estrada comarcal OR-310, que atravesa a parroquia polo centro de Oeste a Leste, constitúe un eixo artellador, especialmente das vivendas máis recentes, debido a que se dá un poboamento liñal ao longo do seu trazado dende o núcleo urbano de Verín ata o núcleo rural orixinario de Ábedes, que se sitúa no norte da estrada.

Hai que resaltar o aproveitamento tradicional do terreo, aproveitando os terreos máis fértiles, cunha topografía suave, e os máis accesibles dende o núcleo de poboación, para usos agrícolas, e os terreos menos fértiles e de maior pendente para usos forestais, destacando as masas de piñeiros e as



matogueiras¹, situándose o núcleo nunha localización intermedia entre ambos, tratando de preservar os solos máis aptos para usos produtivos, aplicando así unha utilización racional do territorio e contribuíndo a un desenvolvemento sustentable do mesmo. A disposición dos cultivos se basea en hortas no contorno do núcleo, parcelas de maior superficie con monocultivos, destacando a vide, na superficie chairega da depresión e nas marxes do rego de Ábedes ou do Fachedo.

Destaca a ubicación de equipamentos deportivos e de ocio (unha pista deportiva e un parque infantil) en zonas de monte próximas ao núcleo tradicional de Ábedes.

1.2.1.2. Parroquia de San Salvador de Cabreiroá

Está situada na zona central do concello, estendéndose cara ao Norte do mesmo. Limita ao Norte coas parroquias de Santa María de Ábedes e de Santa María a Maior de Verín, ao Sur coa parroquia de Santa María de Tamagos, ao Leste co concello de Vilardevós, e ao Oeste coa parroquia de San Pedro de Queizás.

A súa delimitación, ao igual que a parroquia de Ábedes, ven dada polo borde oriental da depresión de Monterrei e os montes que a delimitan no seu perímetro, destacando o Monte Maior. A morfoloxía do territorio se define polo predominio da depresión, aínda que os montes adquiren nesta parroquia certa importancia. A rede hidrográfica constitúe un elemento vertebrador do territorio, adquirindo unha maior importancia o rego de Ábedes ou do Fachedo, que atravesa a parroquia de Norte a Sudoeste, e os seus afluentes, que teñen a súa cabeceira nos montes orientais, drenan o nacente da parroquia, destacando o rego das Quintás, afluente pola esquerda do rego de Ábedes ou do Fachedo, e os regos do Caldeirón e das Canteiras, afluentes do rego das Quintás. A orografía indica o contraste entre a topografía chaira da depresión e a topografía ondulada dos montes que delimitan o seu perímetro oriental.

O modelo de asentamento poboacional está definido polo núcleo rural tradicional², que se sitúa na aba do monte, e o seu crecemento cara a estrada que o comunica con Verín e coa estrada N-532, e a

¹ Esta disposición foi modificada polos incendios que se produciron en Galicia durante o verán de 2005, que afectaron en maior medida á provincia de Ourense, sendo a comarca de Verín unha das máis prexudicadas.

² A tipoloxía dos núcleos rurais orixinarios do concello responde a edificacións concentradas típicas, construídas con materiais do entorno, con pequenos espazos entre elas, de disposición irregular e sinuosa. Estas características presentan actualmente certas modificacións que se basean na alteración das tipoloxías construtivas, debido a unha falta de conciencia e de respecto pola preservación da paisaxe e do hábitat tradicional.



expansión do núcleo urbano de Verín cara o Noroeste desta parroquia, que implica a construción de novas vivendas nesta área.

No núcleo primitivo de Cabreiroá se localizan unha pista deportiva, un parque infantil e un espazo libre, que deben de servir como centro da vida social.

Destaca o cultivo da vide, que ten moita importancia en todo o concello, localizándose nas terras chairegas da depresión e nas terras do contorno do núcleo de Cabreiroá. Tamén hai que resaltar a existencia dun manancial de augas minerais, que é aproveitado economicamente por unha planta embotelladora e por un balneario, que actualmente está en desuso, fortaleza que se debería aproveitar debido ás grandes oportunidades que xera o termalismo.

1.2.1.3. Parroquia de Santa María de Feces de Abaixo

Está situada no extremo meridional do concello. Limita ao Norte coas parroquias de Santa María de Feces de Cima e de Santa María de Mandín, ao Sur e ao Leste con Portugal, e ao Oeste coa parroquia de Santa María de Mandín e con Portugal.

A súa delimitación ven dada polos cursos fluviais do río Támega polo Oeste e do río Pequeno ou de Feces polo Leste, e pola depresión de Monterrei entre ambos. A morfoloxía do territorio se define polo predomínio das terras chairegas, caracterizadas pola depresión e os vales dos dous ríos principais. A rede hidrográfica é o elemento físico que máis condiciona a morfoloxía do territorio, debido a que o río Támega e o río Pequeno ou de Feces constitúen os límites naturais meridionais da parroquia e do concello con Portugal e da depresión de Monterrei. A orografía está definida polas superficies suaves, con tendencias cara as terras chairas, caracterizadas pola depresión e polos vales dos ríos.

No modelo de asentamento poboacional, a estrada N-532, que atravesa meridianamente a parroquia polo Oeste, constitúe un eixo vertebrador, especialmente das construídas recentemente, dándose un poboamento lineal a ambas beiras do seu trazado. O núcleo rural primitivo sitúase nun outeiro no extremo meridional da parroquia e do concello, moi preto do paso fronteirizo e da estrada nacional, e medrou cara esta. A concentración das edificacións deu lugar a que o camposanto se situara fóra do núcleo debido á falta de espazos libres edificables.

Hai que resaltar unha serie de equipamentos (unha pista polideportiva, un campo de fútbol de herba natural, un parque infantil e unha capela) e un espazo libre situados á beira da estrada N-532, preto dunha estación de servizo.

Destaca, como na maioría das parroquias, o cultivo da vide como principal actividade agrícola. Ademais, a situación desta parroquia na raia galego-portuguesa constitúe un feito diferencial,



destacando os fluxos entre ambos territorios, que se identifican en Feces de Abaixo nunha especialización na actividade comercial no trazado da estrada N-532.

1.2.1.4. Parroquia de Santa María de Feces de Cima

Está situada no Sueste do concello e limita ao Norte coa parroquia de San Martiño de Mourazos e co concello de Vilardevós, ao Sur coa parroquia de Santa María de Feces de Abaixo e con Portugal, ao leste co concello de Vilardevós e con Portugal.

A súa delimitación ven dada pola divisoria de augas da cunca hidrográfica do río Pequeno ou de Feces. A morfoloxía do territorio está definida polo predominio das fortes pendentes, definidas pola compartimentación do terreo, causada polos cursos fluviais, sendo as superficies suaves e chairas moi escasas, reducíndose ao val do río Pequeno ou de Feces. A rede hidrográfica é o elemento físico que máis condiciona a vertebración do territorio, debido a que a cunca hidrográfica do río Pequeno ou de Feces compartimenta o terreo, dificultando as comunicacións desta parroquia, que se artellan a través do val do río Pequeno. A orografía está definida polos desniveis, que se caracterizan nas abas entre os cumios e os vales.

O modelo de asentamento poboacional se define por un único núcleo rural tradicional situado no val do río Pequeno ou de Feces e que se estende pola ladeira do monte cara o Noroeste. A concentración das vivendas provocou a falta de espazos libres edificables, o que deu lugar á situación do cemiterio fóra do núcleo, mais nunha parcela moi próxima.

1.2.1.5. Parroquia de Santa María de Mandín

Está situada no Suroeste do concello e limita ao Norte coa parroquia de San Martiño de Mourazos, ao Sur coa parroquia de Santa María de Feces de Abaixo, ao Leste coas parroquias de Santa María de Feces de Abaixo e de Santa María de Feces de Cima, e ao Oeste co concello de Oímbra e con Portugal.

A súa delimitación ven dada pola cunca hidrográfica do regueiro das Videiras, que ten a súa cabeceira nos montes setentrionais da parroquia, e polo curso do río Támega, que constitúe o límite sudoccidental da parroquia e tamén é límite municipal e estatal. A morfoloxía do territorio se define por unha combinación entre terras chairas, caracterizadas pola depresión e polas ribeiras do Támega, e montes, situados na parte norte da parroquia, que teñen unha proporción similar de superficie.

Hai que resaltar que o regueiro das Videiras ao seu paso polo núcleo orixinario de Mandín ten o seu leito cementado, o que constitúe unha alteración problemática, debido a que favorece a escorrentía e a



evapotranspiración da masa de auga, o que pode conlevar en sucesos extraordinarios enchentes e procesos de risco para a poboación.

No modelo de asentamento poboacional, a estrada local que comunica o núcleo de Feces de Cima coa estrada N-532 e que atravesa a parroquia polo centro de Oeste a Leste, constitúe un eixo artellador de poboamento lineal, que se corresponde coas vivendas de construción máis recente no tempo, que corresponden ás últimas décadas. O núcleo de poboación rural tradicional se sitúa ao Norte da estrada local e se estende pola aba do monte cara o Norte.

Hai que destacar os equipamentos deportivos e sociais, que son unha pista polideportiva e unha casa do pobo, situados á beira da estrada N-532 no núcleo de Mandín.

1.2.1.6. Parroquia de San Martiño de Mourazos

Está situada na parte central do concello, estendéndose cara ao sur do mesmo. Limita ao Norte coa parroquia de Santa María de Tamagos, ao Sur coas parroquias de Santa María de Tamaguelos, de Santa María de Mandín e de Santa María de Feces de Cima, ao Leste co concello de Vilardevós, e ao Oeste co concello de Oímbra.

A morfoloxía do territorio está definida pola influencia da depresión de Monterrei e pola superficie de monte que se localiza no nacente da parroquia. A rede hidrográfica está constituída polo curso do río Támega, no oeste da parroquia, e polo barranco da Batoca, que ten a súa cabeceira nos montes orientais, que discorre de Leste a Oeste polo centro da parroquia, e que é un afluente do Támega. A orografía indica unha combinación de terras chairas na depresión e nas ribeiras do Támega e de terras con pendentes máis acusadas nos montes orientais.

No modelo de asentamento poboacional, se da un poboamento lineal, que resulta da construción de vivendas nas últimas décadas, no trazado da estrada N-532 e na vía de acceso desde esta estrada ao núcleo de poboación rural tradicional, que responde a unha tipoloxía típica do medio rural ourensán, se sitúa ao nacente da estrada nacional, nunha aba do monte, e se estende cara o nacente.

A situación do camposanto fóra do núcleo tradicional responde á disposición concentrada do núcleo, o que non permite dispor de espazos amplos edificables, tendo que buscar unha localización próxima ao núcleo. Hai que resaltar a situación de dous espazos libres no núcleo orixinario, a praza do pobo, que se sitúa ao seu comezo, e unha superficie que funciona como torreiro, na parte máis alta do núcleo, ao leste das edificacións.

Destaca a vide como cultivo tradicional nas terras do entorno do núcleo tradicional e nas ribeiras do río Támega.



1.2.1.7. Parroquia de San Fiz de Pazos

Está situada no Noroeste do concello e limita ao Norte co concello de Monterrei, ao Sur coa parroquia de San Pedro de Queizás e co concello de Monterrei, ao Leste coas parroquias de Santa María a Maior de Verín e de San Pedro de Queizás, e ao Oeste co concello de Monterrei.

A súa delimitación ven dada polos montes do alto de San Salvador e do outeiro onde se localizan o Parador Nacional de Turismo e o castelo de Monterrei, polo monte Ladairo e polo curso fluvial do río Támega. A morfoloxía do territorio está definida por un predominio das terras chairas, caracterizadas pola depresión e polas ribeiras do Támega, con pouca importancia dos montes, que se reducen ós límites setentrionais e meridionais da parroquia.

No modelo de asentamento poboacional, a estrada N-525 forma un núcleo de poboamento lineal, moi próximo á vila de Verín, formando un continuo urbano. O núcleo rural tradicional esténdese ao Norte da estrada nacional pola aba do outeiro no que se sitúan o castelo e o Parador Nacional de Turismo de Monterrei: destaca neste núcleo a cantidade de pazos e de casas que posúen escudos nobiliarios, aspecto que se ve reflectido no seu topónimo (Pazos), e que quizais teña algunha relación coa proximidade do castelo de Monterrei.

Destaca o cultivo da vide nas terras desta parroquia e a situación do polígono industrial no sur. Nas beiras do trazado da estrada N-525 se sitúan establecementos comerciais e hostaleiros que aproveitan o carácter urbano, definido pola continuidade co núcleo de Verín, e o fluxo de posibles clientes.

Hai que resaltar a importancia de espazos deportivos e de ocio, como un campo de fútbol de terra, unha praia fluvial e un parque infantil, que se sitúan na área entre a estrada N-525 polo Norte e o polígono industrial polo Sur.

1.2.1.8. Parroquia de San Bartolomeu de Queirugás

Está situada no extremo nororiental do concello e limita ao Norte co concello de Castrelo do Val, ao Sur coa parroquia de Santa María de Ábedes e de Santa María de A Rasela, ao Leste co concello de Vilardevós, e ao Oeste coa parroquia de Santiago de Vilamaior do Val.

A súa delimitación ven dada pola cunca hidrográfica do rego Novo ou de Queirugás, sendo o regueiro de Marbán, afluente deste, o límite natural da parroquia polo Oeste, situándose as cabeceiras dos cursos fluviais nos montes orientais. A morfoloxía do territorio se define polo predominio dos montes, que ocupan unha maior porcentaxe da superficie da parroquia, maiormente na área oriental da parroquia, en contraste coas terras chairas e de pouca pendente, que se reducen ós vales e ós



interfluvios dos regueiros, que teñen unha superficie maior no extremo occidental. A orografía condiciona ao asentamento da poboación, localizándose o núcleo nunha área de forte pendente.

No modelo de asentamento poboacional, o núcleo rural tradicional se sitúa nunha aba do monte, no interfluvio do regueiro de Marbán polo Oeste e do regueiro Novo ou de Queirugás polo Leste. A morfoloxía concentrada do núcleo provoca que os espazos libres edificables sexan escasos, o que provocou que o cemiterio se sitúe fóra, ao sueste das vivendas.

Hai que destacar que o canle dun rego que pasa polo núcleo primitivo de Queirugás está cementado e entubado, o que é un risco en caso de enchente en períodos extraordinarios de precipitacións, debido a que o cemento favorece a escorrenta e a evapotranspiración e impide a filtración da auga, e á elevada pendente do terreo, que poden aumentar as consecuencias deste posible fenómeno.

Destaca a vide como cultivo tradicional nas terras do entorno do núcleo primitivo e nas ribeiras dos principais cursos fluviais.

1.2.1.9. Parroquia de San Pedro de Queizás

Está situada na parte central do concello no seu extremo occidental. Limita ao Norte coa parroquia de Santa María a Maior de Verín, ao Sur co concello de Oímbra, ao Leste coas parroquias de San Salvador de Cabreiroá e de Santa María de Tamagos, e ao oeste coa parroquia de San Fiz de Pazos e co concello de Oímbra.

A súa delimitación ven dada polo monte Ladairo e o río Támega no Oeste e pola estrada N-532 no Leste. A morfoloxía do territorio responde a un predominio das terras chairas da depresión e do val do río Támega, que atravesa a parroquia meridianamente polo Oeste. A orografía está definida pola depresión de Monterrei, que condiciona a morfoloxía do territorio e o modelo de asentamento.

A estrutura dos asentamentos presenta unha dobre tipoloxía, dándose un poboamento concentrado no núcleo rural orixinario, que se sitúa preto da estrada N-532 e próximo ao curso do río Támega, e un poboamento lineal no trazado da estrada nacional, que se constitúe como vía de expansión do núcleo urbano de Verín cara o Sur. Hai que destacar a existencia nesta parroquia de vivendas unifamiliares e multifamiliares acaroadas no entorno de vivendas tradicionais, o que supón unha profunda alteración do núcleo de poboación rural tradicional, que racha a súa harmonía construtiva, e indica unha falta de conciencia urbanística, que se debe de basear na racionalidade e no respecto e preservación polo entorno.



Nas marxes da estrada N-532, preto da igrexa de San Pedro e do cemiterio, localízanse unha serie de equipamentos que se constitúen como centro da vida social da parroquia, como son un local social, un parque, que parece funcionar como torreiro, e unha pista deportiva.

Destaca, como no resto das parroquias, o cultivo da vide, especialmente nas terras de cultivo do entorno do núcleo tradicional e nas ribeiras do Támega. Hai que constatar a existencia dunha depuradora de augas próxima ao río, unha canteira en explotación, e está proxectada unha área de transporte, que vai constar dunha estación de servizo, un hotel-restaurante, aparcamento e naves comerciais, todas localizadas no extremo meridional da parroquia e que están situadas nunha saída da autovía A-52 ou Autovía das Rías Baixas, que comunica esta rexión coa Meseta.

1.2.1.10. Parroquia de Santa María de A Rasela

Está situada no Norte do concello e limita ao Norte coas parroquias de San Bartolomeu de Queirugás e Santiago de Vilamaior do Val, ao Sur coas parroquias de Santa María de Ábedes e de Santa María a Maior de Verín, ao Leste coa parroquia de Santa María de Ábedes, e ao Oeste coa parroquia de Santa María a Maior de Verín.

Os condicionantes físicos e a orografía son os grandes elementos que definen a morfoloxía do territorio e o modelo de asentamento. As terras chairas da depresión e o curso do rego Novo ou de Ábedes, de Nordeste a Suroeste da parroquia, marcan unha topografía claramente chan, que só se interrompe no extremo oriental da parroquia, onde se produce o contacto entre a depresión e os montes que a limitan.

No modelo de asentamento poboacional, se produce unha expansión do núcleo urbano de Verín, limítrofe con esta parroquia, a través das principais vías de comunicación, como son a estrada N-525 polo Sur e a estrada OR-113 polo Norte, mediante un tipo de poboamento lineal. O núcleo rural tradicional se sitúa no Noroeste da parroquia e está próximo á expansión do núcleo urbano de Verín polo Nordeste desta outra parroquia.

Preto da igrexa parroquial, no núcleo de A Rasela, se sitúa un espazo que conta cunha superficie importante dedicada ao ocio e ao deporte, equipada cunha pista deportiva, un parque infantil e unha área arborada recentemente. Tamén hai que sinalar que na estrada N-525 se sitúan o posto da Cruz Vermella de Verín e unha estación de servizo.

Destaca o cultivo da vide e a existencia dunha fonte de augas minerais, a Fonte do Sapo, que é un recurso a explotar dentro dunha oferta de termalismo neste concello, que comezaría coa rehabilitación dos equipamentos en desuso.



1.2.1.11. Parroquia de Santa María de Tamagos

Está situada no centro do concello e limita ao Norte coa parroquia de San Salvador de Cabreiroá, ao Sur coa parroquia de San Martiño de Mourazos, ao Leste co concello de Vilardevós, e ao Oeste co concello de Oímbra.

A súa delimitación ven dada polo curso do río Támega e polos montes orientais. A orografía condiciona a morfoloxía do territorio e o modelo de asentamento. O contraste entre terras chans, caracterizadas pola depresión e polas ribeiras do Támega, e as terras montesas orientais reflicte un mosaico na paisaxe que pasa de terras de cultivos tradicionais, onde destaca a vide, e de vexetación ripícola, a matogueiras e masas forestais de piñeiros e eucaliptos. Destaca a profusa rede de regueiros que teñen a súa cabeceira nos montes orientais e que aflúen ao río Támega.

No modelo de asentamento da poboación, o núcleo rural primitivo situase nunha aba do monte, pola que se estende cara o Leste. É un núcleo típico de edificacións concentradas, con poucos espazos entre elas, construídas con materiais do entorno e que responden a unha topoloxía tradicional. Contrastando con isto, se produce no trazado da estrada N-532 e da vía de acceso desta ao núcleo primitivo, un poboamento lineal, que corresponde á construción de vivendas máis recentes temporalmente.

Chama a atención a situación de equipamentos deportivos en zonas próximas de monte, preto da igrexa e do camposanto, e dun parque infantil á beira da estrada N-532, no desvío cara o núcleo primitivo de Tamagos.

Destaca a vide nas terras de cultivo da parroquia, nas que se levou a cabo a concentración parcelaria, mais non tivo ningún efecto dinámico.

1.2.1.12. Parroquia de Santa María de Tamaguelos

Está situada no Suroeste do concello e limita ao Norte coa parroquia de San Martiño de Mourazos, ao Sur co concello de Oímbra, ao Leste coa parroquia de Santa María de Mandín, e ao Oeste co concello de Oímbra e con Portugal.

A orografía condiciona a morfoloxía do territorio e o modelo de asentamento poboacional. A depresión do Támega é o elemento físico que inflúe máis na situación e no tipo de núcleos de poboación, na localización dos cultivos e nas vías de comunicación. A rede hidrográfica está caracterizada polo curso do Támega e por unha rede de regueiros, afluentes do Támega, que teñen a súa cabeceira nos montes orientais da parroquia e que drenan esa área da parroquia.



No modelo de asentamento poboacional, o núcleo rural primitivo se sitúa na chaira da depresión do Támega, preto do seu curso, e preto do trazado da estrada N-532. A súa tipoloxía responde a edificacións concentradas de tipo tradicional, construídas con materiais do entorno, con poucos espazos entre elas, de disposición irregular e sinuosa, polos que pasan estreitos viais. No trazado da estrada, que se constitúe como eixo artellador da malla da parroquia, se sitúa un poboamento lineal, que corresponde a vivendas construídas nas últimas décadas.

Destaca o cultivo da vide nas terras de cultivo do entorno do núcleo e nas ribeiras do Támega.

1.2.1.13. Parroquia de Santa Cristina de Tintores

É a parroquia máis noroccidental do concello e limita ao Norte co concello de Castrelo de Val, ao Sur coa parroquia de Santa María a Maior de Verín, ao Leste coa parroquia de Santiago de Vilamaior do Val, e ao Oeste co concello de Monterrei.

A súa delimitación ven dada polo río Támega e pola depresión. A morfoloxía do territorio está condicionada pola influencia da rede hidrográfica e das terras chairegas, que inflúen no asentamento da poboación. As ribeiras do río Támega, que atravesa meridianamente a parroquia polo Oeste, acollen ós asentamentos, que se atopan nas terras chans próximas ao curso fluvial.

Esta parroquia ten varias entidades singulares de poboación, que son Tintores e Vilela, o que diferencia a esta parroquia e a de Santiago de Vilamaior do Val das restantes, que son parroquias que teñen unha única entidade de poboación.

No modelo de asentamento poboacional, os asentamentos responden a unha tipoloxía rural tradicional e se sitúan próximos ao curso do río Támega e ao trazado dunha estrada local, que une o núcleo urbano de Verín co núcleo orixinario de Tintores. No trazado desa estrada se produce un poboamento lineal, constituído por vivendas construídas nas últimas décadas. Hai que resaltar a construción de vivendas unifamiliares acaroadas no núcleo de Vilela, no entorno da igrexa e do cemiterio, o que urbanisticamente é inadmisíbel, debido as medidas de respecto do entorno do patrimonio e a racionalidade.

Destaca pola súa importancia a vexetación ripícola das marxes do río Támega nesta parroquia, predominando as frondosas.

Hai que reseñar os equipamentos deportivos e de ocio que se sitúan na ribeira do Támega, que son unha pista deportiva, dous campos de fútbol de terra, un parque infantil e unha área recreativa.



1.2.1.14. Parroquia de Santa María a Maior de Verín

Está situada no noroeste do concello e limita ao Norte coa parroquia de Santa Cristina de Tintores, ao Sur coas parroquias de San Salvador de Cabreiroá e de San Pedro de Queizás, ao Leste coas parroquias de Santa María de Ábedes e de Santa María de A Rasela, e ao Oeste coa parroquia de San Fiz de Pazos e co concello de Monterrei.

A súa delimitación ven dada polo curso do río Támega e polo outeiro onde se localizan o castelo e o Parador Nacional de Turismo de Monterrei no límite occidental. A orografía condiciona a morfoloxía e o asentamento poboacional: a chaira que forma a depresión e pola que discorre o Támega é o espazo onde se sitúa o núcleo urbano de Verín

A expansión do núcleo urbano prodúcese a través das principais vías de comunicación: no Sur, cara as parroquias de Queizás e Cabreiroá, pola estrada N-532; no Oeste, cara a parroquia de Pazos, pola estrada N-525; no N, pola estrada OR-113, cara as parroquias de A Rasela, Tintores e Vilamaior do Val; no Leste, polas estradas N-525 e OR-310, cara as parroquias de A Rasela e de Ábedes respectivamente. O outeiro no que se sitúan o outeiro do castelo e do Parador Nacional de Monterrei condiciona a expansión do núcleo urbano cara o Noroeste.

As terras de cultivo tradicionais redúcense ás superficies que non están urbanizadas, e que se sitúan no Suroeste, no Norte e no Sueste da parroquia e nas ribeiras do Támega.

O núcleo urbano de Verín exerce como nodo central de servizos e equipamentos para o concello e incluso para a comarca.

1.2.1.15. Parroquia de Santiago de Vilamaior do Val

É a parroquia máis setentrional do concello e limita ao Norte co concello de Castrelo de Val, ao Sur coa parroquia de Santa María de A Rasela, ao Leste coa parroquia de San Bartolomeu de Queirugás, e ao Oeste coa parroquia de Santa Cristina de Tintores.

A súa delimitación ven dada pola rede hidrográfica, sendo o val do regueiro de Gondulfes e o Picouto de Fondougás límites polo Norte e o regueiro de Marbán o límite oriental da parroquia. A orografía indica un contraste entre as terras chairas da depresión no Oeste e as terras montesas orientais, que se reflicte en diferentes paisaxes, que se caracterizan polas terras de cultivo e os asentamentos de poboación no Oeste e a superficie forestal e de matogueiras no Leste.

No modelo de asentamento poboacional, os núcleos sitúanse meridianamente nas terras chairas occidentais, próximos ós trazados das estradas comarcais OR-113 e OR-114, o que favorece as



comunicacións nesta parroquia, e responden a unha tipoloxía rural tradicional: son Caldeliñas, O Salgueiro e Vilamaior do Val.

Nos equipamentos, hai que sinalar a situación dunha base de vixilancia contra incendios, que ten heliporto, que os núcleos de Caldeliñas e de Vilamaior contan con pista deportiva e parque infantil, e que existen ruínas dun balneario en Caldeliñas, que debería ser rehabilitado para o seu aproveitamento termal.

1.3. ASENTAMENTOS DE POBOACIÓN

O medio rural de Verín presenta diferentes variedades en canto á morfoloxía e tipoloxía dos asentamentos. Esta diversidade é o resultado da interacción das variables que determinan a cada asentamento, establecendo a xerarquía das parroquias e a súa configuración.

Estes asentamentos están ligados a un tipo de vida tradicional que está fortemente baseada nun sistema de agricultura de autoabastecemento e teñen unha dinámica demográfica moi regresiva.

Segundo o Nomenclátor do IGE no ano 2004 o número de entidades singulares de poboación por parroquia no Concello de Verín eran 18.

Parroquias	Entidades
Abedes	1
Cabreiroá	1
Feces de Abaixo	1
Feces de Cima	1
Mandin	1
Mourazos	1
Pazos	1
Queirugas	1
Queizas	1
Rasela	1
Tamagos	1
Tamaguelos	1
Tintores	2
Vilamaior do Val	3
Verín	1
Total	18



1.3.1. TIPOLOXÍA E MORFOLOXÍA DOS ASENTAMENTOS

As diferentes morfoloxías que se aprecian para os asentamentos de Verín están condicionados por unha cadea de variables de distinta natureza. Mais a topografía revela unha evidencia nida: os núcleos que se sitúan nos montes ou nas súas abas, presentan un grao maior de concentración e contan cun centro tradicional perfectamente definido, tendo un tamaño medio de habitantes baixo no conxunto do concello. En contraste con isto están os asentamentos tradicionais das terras chairas, que acadan unha maior dispersión e son os máis poboados, debido á influencia da depresión de Monterrei e o curso do río Támega e a unha rede viaria que artella especialmente esta área do concello.

A tipoloxía tradicional dos núcleos de Verín responde ao modo de vida rural, baseado na agricultura de autoabastecemento ou de subsistencia. Son núcleos con rúas moi estreitas e irregulares, condicionadas pola topografía do terreo. As casas típicas do interior ourensán tiñan dúas plantas e normalmente acaroadas a outras inmediatas, construídas con perpiaños ou con cachotes, con cuberta de tella de dous ou catro vertentes, e posúe escaleira exterior con fortes chanzos de pedra e galería aberta, con balaustrada de madeira. O curral e as cuadras sitúanse na planta inferior, namentres a superior se dedica á vivenda.

Ata a década dos sesenta do século vinte non se produciu unha modificación significativa no modelo de casarío. O comezo da corrente emigratoria cara a Europa e cara as rexións máis desenvolvidas de España, que nese período eran Cataluña, Euskadi e Madrid, marcou un cambio do modelo: ten lugar unha perda de valor da actividade agraria e se experimenta un maior interese en novos usos, que propiciaron numerosas actuacións onde non se preservou a tipoloxía tradicional, empregando materiais alóctonos, alterando escalas e introducindo novos elementos distorsionadores dos elementos tradicionais.

1.3.2. EVOLUCIÓN E XERARQUÍA DOS ASENTAMENTOS

A evolución e xerarquía funcional que se manifesta en cada parroquia vai a condicionar os modos de vida e a orixinar dinámicas que merecen unha análise máis detallada. A evolución demográfica de cada asentamento está determinada por varios elementos, sendo a accesibilidade ás vías de comunicación máis importantes, a orografía e a topografía os máis influentes: no caso do concello de Verín, os asentamentos ou ben se sitúan nas abas dos montes ou ben se sitúan na depresión, sendo zonas de altitude media baixa. A ocupación máis alta se produce nas terras chairas da depresión, onde as vías de comunicación de dirección Norte - Sur e Oeste – Leste, que son a N-532 e a N-525 respectivamente, exercen de eixos vertebradores.



Desta tendencia de ocupación da depresión se sae a parroquia de Santa María de Feces de Cima, que se asenta no tramo superior do río Pequeno ou de Feces, nun fondo de val que modelou nos montes sudorientais do concello de Verín. Debido a que esta parroquia se atopa illada das restantes parroquias, está a perder poboación nos últimos cincuenta anos.

Na seguinte táboa se pode visualizar a evolución da poboación das parroquias nos últimos vinte anos

Parroquias	1981	1991	2001	2003	2005
Abedes	426	378	342	362	340
Cabreiroá	250	177	151	156	157
Feces de Abaixo	392	342	388	449	430
Feces de Cima	175	148	138	132	117
Mandin	315	236	195	204	204
Mourazos	185	151	155	164	170
Pazos	566	631	628	630	665
Queirugas	173	135	137	140	127
Queizas	369	422	398	412	399
Rasela	251	272	346	356	358
Tamagos	177	185	201	217	199
Tamaguelos	256	216	220	231	214
Tintores	387	308	462	481	495
Vilamaior do Val	349	323	327	337	362
Verín	5.712	7.094	8.829	9.387	9.781
Total	9983	11018	12917	13658	14018

No correspondente ás dimensións de poboación, os 18 núcleos do concello agrúpanse do seguinte modo, segundo datos do 2004:



Parroquia	Entidades	De 100 a 200	De 201 a 500	De 501 a 1000	> 1000
Ábedes	1	-	1	-	-
Cabreiroá	1	1	-	-	-
Feces de Abaixo	1	-	1	-	-
Feces de Cima	1	1	-	-	-
Mandín	1	1	-	-	-
Mourazos	1	1	-	-	-
Pazos	1	-	-	1	-
Queirugás	1	1	-	-	-
Queizás	1	-	1	-	-
Rasela, A	1	-	1	-	-
Tamagos	1	1	-	-	-
Tamaguelos	1	-	1	-	-
Tintores	2	1	1	-	-
Verín	1	-	-	-	1
Vilamaior do Val	3	3	-	-	-
Total	18	10	6	1	1

A porcentaxe de núcleos de 100 a 200 habitantes é maioritaria (55,6 %), de 201 a 500 habitantes é do 33,3 %, e tan só hai un 5,6 % de núcleos entre 501 e 1000 e máis de 1000 habitantes respectivamente. Non hai núcleos de menos de 100 habitantes.

En función disto, se pon de manifesto que as parroquias máis afastadas da vila de Verín teñen un tamaño medio de poboación baixo, o que indica que houbo un despoboamento das parroquias periféricas en favor do núcleo urbano de Verín. Os aportes de poboación de cada un dos estratos dos anos 1996 e 2004 son os seguintes:

	1996	2004	% 1996	% 2004
< 100 hab.	88	0	0,7	0,0
De 100 a 200	1131	1472	8,8	10,2
De 201 a 500	2783	2913	21,6	20,2
De 501 a 1000	670	642	5,2	4,5
> 1000 hab.	8208	9386	63,7	65,1
Total	12880	14413	100,0	100,0


Neste cadro obsérvase claramente que a vila de Verín, o núcleo de maior tamaño, concentra á maior porcentaxe da poboación, tanto en 1996 como no 2004, aínda que vai en aumento, ligado a unha tendencia xeral ao despoboamento dos restantes xerado pola expansión da capital: dun 63,7 % pasa a un 65,1 % respectivamente rexistrando un incremento do 1,4 %.

Os núcleos de tamaño intermedio supoñen un 26,8 % en 1996 e un 24,7 % en 2004, que supón un descenso do 1,9 %, que se produce pola atracción da vila, aínda que hai que significar que neste

intervalo medran os núcleos de Vilela, na parroquia de Tintores, o conxunto da parroquia de Vilamaior do Val, A Rasela, Feces de Abaixo e o conxunto da parroquia de Tintores.

Os núcleos máis pequenos son os que teñen menos habitantes, representando un 9,5 % da poboación en 1996 e un 10,2 % en 2004, dando lugar a un crecemento do 0,7 %, que é debido á expansión de núcleos como Mourazos, Tintores, na parroquia de Tintores, e Caldeliñas e O Salgueiro, na parroquia de Vilamaior do Val, influenciados polo dinamismo do núcleo urbano de Verín. Os núcleos que neste intervalo perden poboación son Vilamaior, na parroquia de Vilamaior do Val, Feces de Cima, Queirugás, Cabreiroá, Mandín e Tamagos.

Isto reflexado por parroquias, reflexa que Feces de Cima é a que perde máis poboación, seguida do grupo constituído por Ábedes, Cabreiroá, Mandín, Queirugás e Tamaguelos, que perde unha porcentaxe relativa de poboación menor. As parroquias de Pazos, Queizás, A Rasela e Tamagos manteñen a súa poboación estable, producíndose leves aumentos ou descensos demográficos. Gañan poboación, aínda que non son as que máis medran relativamente, as parroquias de Feces de Abaixo, Mourazos, Verín e Vilamaior do Val.



A característica máis salientable de Verín é a presenza de un núcleo polarizante, como é Verín, que se debe tradicionalmente á súa funcionalidade como capital municipal e como centro comarcal.



1.4. ANÁLISE PORMIUDADA DOS ASENTAMENTOS DE POBOACIÓN

1.4.1. CARACTERIZACIÓN URBANÍSTICA DOS ASENTAMENTOS

A efectos da consideración e tratamento desde o punto de vista do urbanismo, faise necesaria a diferenza entre asentamentos urbanos e rurais xa que os réximes legislativos e de planeamento son moi diferentes para cada tipo. Esta distribución tamén inflúe na distribución dos servizos e dos equipamentos, onde hai un nido predominio da concentración nos núcleos urbanos, aínda que nos núcleos rurais de maior funcionalidade teñen certa importancia.

1.4.1.1. Os núcleos urbanos

No Plan Xeral de Ordenación Municipal vixente se delimita un único núcleo urbano, Verín, parroquia de Santa María a Maior de Verín. Na actualidade, esa delimitación aínda non está colmatada, aínda que está próxima a conseguirse, situándose as áreas non urbanizadas nos espazos limítrofes da parroquia.

1.4.1.2. Os núcleos rurais

Os núcleos rurais tradicionais máis afastados das principais vías de comunicación mantiveron os usos tradicionais e mantiveron unha dinámica constante, tendendo cara o despoboamento. A expansión destes núcleos rurais sobre os viais de acceso ás principais vías de comunicación e sobre estas levou á formación de núcleos continuos, aínda con certo matiz no grao de urbanización.



PARROQUIA	TIPO DE NÚCLEO	Nº DE VIVENDAS	POBOACIÓN DE FEITO
ÁBEDES (Sta. María) Ábedes TOTAL PARROQUIA	Aldea	167 167	355 355
CABREIROA (San Salvador) Cabreiroá TOTAL PARROQUIA	Aldea	86 86	169 169
FECES DE ABAIXO (Sta. María) Feces de Abaixo TOTAL PARROQUIA	Aldea	149 149	435 435
FECES DE CIMA (Sta. María) Feces de Cima TOTAL PARROQUIA	Aldea	58 58	138 138
MANDÍN (Sta. María) Mandín TOTAL PARROQUIA	Aldea	138 138	202 202
MOURAZOS (San Martiño) Mourazos TOTAL PARROQUIA	Aldea	69 69	162 162
PAZOS (San Fiz) Pazos TOTAL PARROQUIA	Aldea	302 302	690 690
QUEIRUGÁS (San Bartolomeu) Queirugás TOTAL PARROQUIA	Aldea	60 60	141 141
QUEIZÁS (San Pedro) Queizás TOTAL PARROQUIA	Aldea	167 167	399 399
RASELA, A (Sta. María) Rasela, A TOTAL PARROQUIA	Aldea	114 114	361 361
TAMAGOS (Sta. María) Tamagos TOTAL PARROQUIA	Aldea	81 81	213 213
TAMAGUELOS (Sta. María) Tamaguelos TOTAL PARROQUIA	Aldea	107 107	232 232
TINTORES (Sta. Cristina) Tintores	Aldea	62	151



PARROQUIA	TIPO DE NÚCLEO	Nº DE VIVENDAS	POBOACIÓN DE FEITO
Vilela	Aldea	96	301
TOTAL PARROQUIA		158	452
VERÍN (Sta. María a Maior)			
Verín	Aldea	1971	8971
TOTAL PARROQUIA		1971	8971
VILARMAIOR DO VAL (Santiago)			
Caldeliñas	Aldea	54	123
Salgueiro, O	Aldea	37	101
Vilamaior	Aldea	61	102
TOTAL PARROQUIA		152	326
Totais		3779	13246

1.4.2. OS USOS DO SOLO E A EDIFICACIÓN NOS NÚCLEOS

A información sobre os distintos usos que podemos atopar no sistema de asentamentos de Verín, se reflicte nos planos de información que serven de cartografía base do presente PXOM; que no que atinxe ós núcleos urbanos se grafan a escala 1:2000 e para os rurais a unha escala máis xenérica de 1:5000.

Falando con rigor, só **existen usos urbanos** -ou sexa usos diversos distintos aos de vivenda e agropecuarios que decote xorden nos núcleos rurais e que se concentran principalmente no núcleo urbano de Verín, Pazos e en menor medida en Feces de Abaixo, podendo atopar algúns máis esporádicos e espallados polo resto dos núcleos que conforman o armazón nuclear do concello.

En Verín podemos detectar **usos residenciais** diversificados (vivenda individual, vivenda colectiva) usos **comerciais** (oferta comercial tamén diversa), **hostaleiros** (balnearios, cafés, bares, tabernas, restaurantes, moteis, hoteis, etc.), usos **equipamentais** (ensino, deporte, cultura, sanitarios, xudiciais, administrativos, etc); Ademais no núcleo urbano aínda se poden atopar en certos casos puntuais, un **uso agropecuario mesturado cos citados denantes**, uso que se materializa na existencia de pequenos hortos no interior do entramado urbano do núcleo e que se foron definindo na expansión urbana nos intersticios da edificación, ou nas zonas de borde.



1.4.2.1. O uso residencial

É o uso maioritario no núcleo de Verín, seguido de lonxe por un uso comercial terciario, que tamén está moi presente no casco de Verín e ao longo do núcleo de Pazos no contacto coa estrada N-525.

O uso residencial, concrétese principalmente nas vivendas unifamiliares, acaroadas e vivendas multifamiliares de acaroados xunto con edificios en altura. Estes constitúen a maioría do espazo ocupado do solo urbano e de núcleo rural de Verín.

Fóra dos núcleos propiamente urbanos predominan as vivendas unifamiliares, illadas ou acaroadas de unha ou dúas plantas, e que poden ser moi variables desde casas tradicionais de pedra e pequenas, ata grandes edificacións de materias nobres e con unhas dimensións volumétricas moi considerables (no concello de Verín esta contraposición é moi marcada incluso dentro dos mesmos núcleos como pode ser o caso de Ábedes ou Vilela onde as tipoloxías de vivendas tradicionais se comezan a fundir con novas mesturas de tipoloxía urbanas).

Os únicos edificios que non conteñen uso residencial no interior dos núcleos son aqueles que acubillan usos equipamentais públicos ou privados (administrativos, sanitarios, docentes, relixiosos, etc.). Un caso excepcional son os edificios en estado ruinoso que non permiten a habitabilidade nelas, podendo ter un carácter transitorio ou xa de unha certa perdurabilidade.

1.4.2.2. Os usos comerciais

Estes usos concéntranse maioritariamente no núcleo urbano de Verín, Pazos e Feces de Abaixo (este último debido ao tráfico que se experimenta con motivo da existencia da fronteira con Portugal). A localización dos usos comerciais repártese por igual entre as zonas antigas ou históricas e as novas do casco, pero con matizacións. Como por exemplo, debido as características construtivas das edificacións antigas; Os baixos nos que se instalan estes usos comerciais na zona antiga do núcleo urbano de Verín, son de pequenas dimensións o que dificulta a presenza de negocios que requiran moitos metros cadrados, así pois, o que predomina son comercios de dimensións pequenas (ocupadas maioritariamente por autónomos), ou tamén a presenza moi reducida de usos en plantas altas. Deste xeito e por contraposición, na zona nova se atopan os usos que requiren dun maior tamaño (as veces de importantes dimensións) para a súa instalación, como pode ser os bancos, cine, discotecas... Ademais na zona nova a presenza de usos en altura é moi importante incluso superando os usos en baixo. Outra característica importante é a maior presenza de baixos desocupados ou degradados na zona histórica do núcleo, o que levaría consigo a unha necesidade máis perentoria no casco antigo de políticas de rehabilitación que enfocadas a contrarrestar este efecto serían suficientes.



1.4.2.3. Os usos industriais

O concello de Verín conta cunha situación xeográfica privilexiada no Sueste da Galiza. Polo termo transcorren dúas estradas de entidade nacional e a autovía A-52 (de ámbito tamén nacional) que se cruzan formando unha grande “Y” sobre o territorio Verinés. Se a isto lle sumamos o enlace que está previsto de conexión coa vía de alta capacidade que se prevé no veciño país de Portugal, as oportunidades para solo industrial son por dicilo dalgún xeito excepcional. A orografía de Verín con amplos espazos de zona chaira é un factor máis de consolidación do uso industrial – empresarial (Previsión da creación dun novo parque empresarial próximo a Tamagos de grandes dimensións).

Se tivésemos que falar con propiedade dun sector industrial predominante en Verín, ese debería de ser o vinculado a explotación das augas minerais. No concello hai en funcionamento tres plantas embotelladoras (Cabreiroá, Fontenova e Sousas) todas elas de recoñecido nome no sector. Ademais algunhas destas embotelladoras de auga teñen balnearios asociados para a explotación das augas mineiro – medicinais como recurso turístico como o caso de Cabreiroá, aínda que na actualidade está pechado.

Ademais do sector da explotación das augas mineiro – medicinais, Verín conta cun polígono industrial sito no lugar de Pazos aínda que sen moi boa accesibilidade e non exento de polémicas cos veciños debido precisamente a esa deficiencia na accesibilidade e as molestias que ocasiona nos veciños de dito lugar. O lugar de Pazos ademais do polígono conta cunha serie de naves industriais e comerciais que se sitúan parellas a N-525.

O sector vitivinícola conta tamén cunha certa importancia no concello e na comarca co manifesto da existencia de varias adegas comerciais situadas polo territorio verinés. Algúns exemplos son as que se sitúan en Pazos na subida ao parador de Monterrei (Adegas S. Fiz, Adegas Gargalo,...) ou outras situadas en parroquias distintas como (Adegas Bernabé Jiménez e Quinta da Muradella en Verín, adegas viña Lara en Queizás ou adegas Madrevella en Tamagos).

Neste punto temos que facer tamén unha anotación sobre eses usos comerciais industriais que se espallan polo concello dunha forma un tanto difusa pero que seguen na práctica as principais vías de comunicación (de entrada e saída) da cidade para o seu emprazamento. Este tipo de actividades industriais non están moi definidas e as veces se mesturan e confunden cos usos comerciais que se citan no apartado anterior.

1.4.2.4. Os usos hostaleiros

Se pode de dicir que case toda a oferta hostaleira do concello de Verín se sitúa no casco urbano. No resto do concello atopamos unha oferta de pouca entidade aínda que se está pensando dende



administración local en recuperar ou rehabilitar usos hostaleiros vinculados a recuperación dos balnearios (Caldeliñas e Cabreiroá) con incipientes iniciativas a favor do desenvolvemento dun turismo vinculado ao termalismo.

No núcleo urbano, atopamos segundo os datos máis recentes, nove hostais, tres hoteis e a casa do asistente que se usa como arberge e dous hoteis que ven a completar a oferta hostaleira do concello a que debemos de sumar tamén por proximidade o parador de “Verín” ou de “Monterrei” segundo a fonte da que se trate.

1.4.2.5. Os usos equipamentais

Existen usos deste tipo na práctica totalidade dos núcleos das quince parroquias que compoñen o concello, destacando a capital municipal. Os usos equipamentais nos núcleos se centran case que por completo en pequenos sistemas de equipamentos de carácter local. Na súa meirande parte estes equipamentos locais están constituídos por equipamentos de carácter deportivo e locais sociais en diferentes estado de conservación segundo o núcleo ao que fagamos alusión. Dentro desta mesma serie de equipamentos están todos os de carácter relixioso máis os que dan servizo funerario, é dicir os cemiterios parroquiais.

Xa dentro do armazón urbano, ós equipamentos característicos de carácter local hai que engadir outros de ámbito máis xeral e que teñen un ámbito de afectación moito maior que os puramente considerados de sistema local. O radio de acción para estes equipamentos xerais, se sitúa no entorno da comarca e as veces máis aló. Equipamentos desta tipoloxía son todos os institutos, centros sanitarios, hospitais, etc, que se atopan no centro urbano de Verín e cuxas características se comentan con profundidade en apartados desta memoria cunha análise detallada.

A estes usos equipamentais do centro urbano de Verín se lles debe de engadir todas as funcións administrativas propias de centros urbanos e de cabeceira de comarca.

1.4.2.6. Os espazos libres

Nos últimos anos asistimos a un incremento progresivo destes espazos na vila de Verín debido tanto a expansión global dos núcleos como tamén unha maior atención dedicada a estes espazos por parte das administracións e as súas lexislacións, e polo tanto a necesidade de acadar unha superficie total suficiente segundo os novos estándares oficiais.



Os núcleos rurais acadan diferentes niveis de dotación neste eido sendo maior nos cabeceiros parroquiais e menor no resto (matizar neste punto que a maioría das parroquias de Verín son uninucleares o que facilita a localización destes espazos libres).

Destacan neste senso, as parroquias de Vilar do Val e Tintores con espazos libres de esparexemento e recreo asociados a motivos relixiosos no primeiro caso e a zonas de concentración parcelaria e de ribeira no segundo.

Será motivo do PXOM ou do planeamento posterior rectificar e ou revisar o cumprimento das necesidades que haxa neste senso.

1.4.3. TIPOLOXÍAS EDIFICATORIAS

No concello de Verín, nos podemos encontrar cunha presenza importante de variedades tipolóxicas, reflectindo o importante pasado histórico deste concello.

1.4.3.1. As tipoloxías urbanas.

No armazón urbano de Verín se atopan mesturadas diferentes tipoloxías urbanas que nos dan unha paisaxe un tanto complexa e caótica do urbanismo desta cidade. A mestura destas formas urbanas ten unha dobre lectura consistente por un lado na interpretación histórica dos estilos arquitectónicos e por outra na falta dunhas regras de xogo que regulasen de forma clara e concisa o urbanismo nos momentos de rápido crecemento e de expansión do armazón urbano. Matizando esta dobre lectura, no casco urbano de Verín a evolución histórica, introduce o primeiro feito diferenciador distinguindo claramente o casco histórico de Verín onde a tipoloxía das edificacións é máis nobre con traballos de cantería empregando granito e materiais como a madeira e elementos de ferro fundido.

No ámbito urbano de Verín, se excluimos o casco histórico propiamente dito, as tipoloxías que nos atopamos adquiren diversos matices. As edificacións entre medianeiras predominan na maioría das rúas con ocos sen completar. Os volumes das edificacións residenciais son variados así como o número das alturas e as veces nos atopamos algún que outro edificio que realmente sobresaí do resto das edificacións.

1.4.3.2. As tipoloxías rurais

No medio rural verinés a edificación rural tradicional correspóndese coas características propias dunha “*fábrica agrícola*”. As edificacións burguesas e palacianas son máis abundantes do núcleo rural



primitivo de Pazos, topónimo que xa indica a presenza deste tipo de construcións, e se pode observar algunha edificación burguesa nas áreas rurais.

A edificación destinada a uso residencial xeralmente é un pouco máis alta que a edificación tradicional, determinada polos usos agropecuarios propios desta comarca. A edificación tradicional ten normalmente dúas plantas, situándose as dependencias de uso agrícola na planta baixa, e a vivenda na planta alta segundo o esquema da vivenda tradicional galega típica.

Son casas construídas con pedra, onde predomina a cachotaría, con solainas e corredores, e a cuberta é de tella, sendo xeralmente a dúas ou a catro augas.


Nas casas de dúas plantas un elemento característico é a presenza de escaleiras exteriores para o acceso á planta alta, que xeralmente teñen unha pendente elevada, que continúan en solaina dotada con varandas de madeira, que pode ser ruda ou traballada.

As edificacións de tipo relixioso teñen unha riqueza e unha diversidade importantes, tanto en igrexas parroquiais e capelas, que no sur do concello teñen influencias da tipoloxía portuguesa debido a un criterio de proximidade, como en casas reitorais.

As edificacións complementarias (alpendres, cortes, pombais, ...) tamén teñen representación importante nas edificacións do medio rural verinés.

A partir da década dos sesenta do pasado século apareceu tamén no rural unha edificación que se descontextualiza do medio, e que reposta a novos usos, que esquecen os tradicionais e incorporan tipoloxías urbanas debido a que se destinan na maioría dos casos á función residencial. Se localizan fundamentalmente no trazado das vías de comunicación, dando lugar a un poboamento liñal, e tamén no entorno dos núcleos primitivos, alterando a harmonía da paisaxe rural tradicional e marcando unha incipiente dispersión no modelo de asentamento poboacional.

Na seguinte imaxe podemos observar o esquema e alzado dunha vivenda tradicional típica de Verín, máis en concreto do núcleo de Tamagos. (extraído do libro de Pedro de Llano “Arquitectura Popular en Galicia”).



Esquema e exemplos das vivendas tradicionais que se poden observar no concello de Verín.

1.4.3.3. As construcións adxectivas

Son as construcións relacionadas coa actividade agropecuaria, e cunha presenza moi importante no medio rural tradicional de Verín; A situación destas construcións pode variar segundo os casos e a función da construción. Principalmente tiveron e teñen como fin: almacenar e transformar os produtos agrícolas, nos que efectúa-lo proceso final para obter alimentos, de habitáculo para os animais..., e actualmente engadíronse outros usos derivados dos novos modos de vida e das novas necesidades das xentes do rural.

As veces, no medio rural, estes espazos se dispoñen con criterio de verticalidade; é dicir, lagares, adegas, fornos... atópanse baixo o teito da casa. Pero tamén ocorre que se presenten cun criterio de horizontalidade e é entón, cando se crea a necesidade de agregar espazos individualizados ao corpo central da vivenda, aínda que moi próximos a ela. As características construtivas son as mesmas que na casa-vivenda, aínda que na maioría dos casos se caracterizan pola rusticidade dos seus acabados.

Dada a importancia das construcións adxectivas nas tipoloxías da vivenda tradicional e a presenza delas en gran número, vamos a dar un breve repaso polo concello en canto as súas funcións e características principais. A seguir se da unha descrición sucinta das edificacións que podemos recoller en Verín.

– Construcións de almacenamento ou coa función de secado e conservación dos produtos:

Balcóns corridos e solainas: non existe en Verín construcións de almacenaxe como no resto de Galicia do tipo de hórreos para a almacenaxe dos cereais que se colectan (millo, centeo, etc...). Isto resulta curioso se o comparamos co resto de Galicia onde os hórreos constitúen un elemento definitorio da paisaxe galega. Aquí a función de conservación do grao e de secado dos cereais e produtos “secos” lle é asignada os balcóns e corredeiras onde non é difícil ver montóns de espigóns de millo entrelazados colgando dos balcóns. Non obstante, non é un uso propiamente de almacenaxe senón de curado e secado dos produtos.

Na tipoloxía tradicional das vivendas de Verín as edificacións tradicionais, sitúanse moi próximas as solucións adoitadas en león ou Zamora. O balcón ou solaina, predomina en case que todas vivendas con algúns exemplos moi ben conservados na actualidade. O acceso a esta solaina ou balcón segundo os casos ven dado por un patín, as veces sen varanda e que constitúe por outro lado o único acceso o andar onde se sitúan as dependencias propiamente habitacionais e de cociña como veremos nun esquema ao final do apartado.



Os balcóns e solainas, como elementos coformadores da arquitectura funcional en Verín.

Alpendres ou alboios: é a dependencia de almacenamento máis usual, encóntranse en todo tipo de formas e materias, xa que a maioría deles sufriron diversas modificacións, aínda así hai unha presenza moi importante dos tradicionais feitos ca técnica da cachotería (compostos por pedras graníticas de diferentes volumes) algúns mesmo están configurados en cadeirado que se distinguen por ter ocos moi pequenos. As máis das veces os atopamos acaroados o corpo central da edificación residencial.

Adegas: xunto coa gandería e a agricultura en menor nivel, outros dos piares básicos nos que se fundamenta o sistema de explotación económica tradicional de Verín consiste na cultura do viño. Na práctica totalidade das vivendas consideradas tradicionais ou con orixe nunha, teñen unha

dependencia “adega” , normalmente acaroada a vivenda para a almacenaxe do viño. Esta construción anexa soe estar dividida en dous compartimentos nos que se atopan dun lado a zona dos barrís, nos que descansa o viño; e do compartimento dedicado ós apeiros de elaboración do viño (xeralmente o lagar). Resulta penoso observar como moitos destes elementos están a sufrir un forte deterioro por abandono sendo fácil atopar partes dun lagar como elementos reutilizados en construcións (contribuíndo a un aspecto de desolación urbanística).

– Construcións de transformación

Muíños hidráulicos de río.- En Verín non é que exista un elevado número de muíños pero os que nos podemos atopar foron de importante relevancia noutrora.

Mesmo algún deles aínda que hoxe abandonado e derruído co paso do tempo, acada dimensións realmente grande con cortes para aloxar a varias persoas. Un exemplo deste tipo é o muíño do pracer (totalmente abandonado na actualidade) na parroquia de Queizás. Os muíños non so serven para moer o gra de cereal senón que nos podemos atopar tamén con muíños de aceite nesta zona.



Muíño hidráulico abandonado no concello de Verín.

– Construcións de cría e habitación de animais

Cortes e cortellos.- Aparecen en gran número no concello de Verín, xa que son as dependencias máis directamente ligadas á casa no mundo rural. Na súa definición tradicional soen estar na planta terrea das vivendas se ben no caso das novas edificacións se substitúen por novas construcións nun corpo diferenciado ao da residencia. Temos que citar convenientemente neste punto as novas granxas de tipo industrial que se poden observar en diversos puntos do concello.

– Construcións de aproveitamento doméstico de auga

Fontes e lavadoiros.- Son construcións dedicadas o aproveitamento doméstico de auga e son de carácter comunal ou veciñal. Estas construcións poden aparecer xuntas ou separadas. No medio rural verinense, aparecen en gran número. En canto as fontes tradicionais rematadas en pedra, aparecen



dos dous tipos clásicos: a fonte en manancial ou mina (consta dun depósito e dun pequeno muro de contención de pedra ou terróns destinado a estancala auga para facer uso dela cando conveña) e a fonte de cano (consiste nun simple muro de pedra á saída do manancial onde a auga sae continuamente). O lavadoiro ten como finalidade a de lava-la roupa, e consiste nun gran pilón de forma rectangular levando na parte superior do depósito lousas inclinadas e ben pulidas para facilitar o uso da roupa. No concello de Verín existen unha gran cantidade deles.



Distintos tipos de fontes que nos podemos atopar nos núcleos rurais de Verín.